
O léxico

Unidade didáctica

Xosé Manuel
Sánchez Rei

Universidade da Coruña

Esta unidade didáctica fai parte do proxecto **PALABRAS CON MEMORIA**, unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coa colaboración da Área de Cultura da Vicepresidencia primeira da Deputación Provincial de Lugo, que ten por obxecto recuperar palabras nosas en desuso, ou sexa, en perigo de extinción. E tamén palabras e expresións que non recollen os dicionarios. O visitante da web, ademais de consultar o glosario mensualmente actualizado pendurado nela, poderá enriquecelo enviando os vocábulos que teña arrombados no faio da lembranza ao enderezo palabra.con.memoria@aelg.org ou cubrindo o formulario que alí aparece.

A **web da AELG** conta tamén cun **ESPAGO DIDÁCTICO** pensado pola Aelg como unha ferramenta de traballo e de coñecemento ao redor da obra dos nosos escritores/as. Pretende ser, pois, unha xanela aberta á divulgación de contidos pedagóxicos en lingua galega enfocados ás diferentes etapas educativas (primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato), sen esquecer aquel alumnado con necesidades educativas específicas.

A colaboración dos profesionais do ensino resultou indispensable á hora da elaboración e deseño das diferentes unidades didácticas que este espazo virtual ofrece ao sector da docencia, docentes e discentes, mais tamén accesíbel ao conxunto da sociedade.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega agradece ao profesor Xosé Manuel Sanchez Rei, autor da presente unidade didáctica, o seu excelente traballo.

Pode ver esta unidade didáctica en formato blog en:

<http://palabrasconmemoria.blogaliza.org/>

TÁBOA DE CONTIDOS

A. Principios didácticos.....	3
1. Introducción	3
2. Estruturación	4
3. Obxectivos	5
4. Contidos.....	7
4.1. Conceptuais.....	7
4.2. Procedementais	7
4.3. Actitudinais	7
5. Metodoloxía	8
6. Avaliación	10
B. Principios epistemolóxicos	12
1. A lingua e a gramática.....	12
2. Aproximacións á palabra	15
3. Clases de palabras e tipos de palabras	18
4. A palabra e o léxico.....	23
5. As relacións semánticas de sinonimia e de hiponimia-hiperonimia.....	30
6. Consideracións (socio)lingüísticas sobre os tipos de léxico	33
6.1. Léxico estandarizado e léxico non estandarizado	33
6.2. Significados comúns e significados minoritarios	36
6.3. Léxico culto e léxico popular	38
6.4. Léxico de grande esfera semántica e léxico de esfera semántica reducida.....	40
6.5. Mudanzas no léxico desde a perspectiva da idade	42
6.6. Mudanzas no léxico desde a perspectiva do xénero	44
7. Conclusións.....	47
8. Bibliografía citada	48
C. Actividades propostas	50
1. Introducción	50
2. Carácter individual e carácter colectivo	50
3. Temporalización	50
Actividade 1	51
Actividade 2	51
Actividade 3	51
Actividade 4	52
Actividade 5	53
Actividade 6	53
Actividade 7	55
Actividade 8	56
Actividade 9	56
Actividade 10	57
Actividade 11	57

A. PRINCIPIOS DIDÁCTICOS

1. INTRODUCCIÓN

A presente unidade didáctica (en adiante UD) está pensada para o alumnado de 3º e 4º da ESO e para o de Bacharelato e oriéntase fundamentalmente cara ao estudo do léxico e, tamén, cara á compilación de unidades vocabulares. Aínda que hai seccións que non abordan a compoñente lexical da lingua dunha maneira central, como as primeiras partes dos PRINCIPIOS EPISTEMOLÓXICOS, coidouse que tales informacións debían figurar para introduciren o estudo do léxico e para serviren de axuda ao profesorado, que así pode dispor, se o desexar, de máis materiais con que traballar.

É claro que non hai linguas mellores nin peores que outras por teren uns maiores recursos lexicais. Mais, dada a riqueza lexical do galego, nomeadamente aquela vinculada ao mundo tradicional, adoita sorprender como as alumnas e os alumnos matriculados nos ditos cursos descoñecen toda unha boa parte dese manancial vocabular, ao paso que, por este mesmo motivo, poden converterse en testemuñas pasivas dunha desaparición a curto e a medio prazo de todo ese fondo lingüístico. O poeta Manuel María dicía que, cada vez que unha palabra se perde, unha estrela deixa de brillar no ceo e, neste sentido, non se debe permitir que deixen de nos emprestar a súa luz todas aquelas palabras que enforman a ricaz compoñente vocabular do galego, pois son o froito de centos e centos de xeracións que nolas cederon para usarmos a lingua con propiedade.

Con relación a isto, podemos afirmar que unha das características de calquera lingua é a variación, e o léxico, loxicamente, non constitúe unha excepción ao respecto: a lingua da mocidade presenta expresións e elementos vocabulares distintos dos da xente adulta. Na mesma liña, tamén existen diferenzas entre a fala das mulleres e a dos homes, con repercusións na compoñente lexical, as cales, como era de esperar, tamén se proxectan nos modos de falar do alumnado. Isto ofrece interesantes perspectivas de análise no marco das relacións semánticas, nomeadamente nas de sinonimia e hiperonimia-hiponimia, que serán tratadas na segunda sección da UD.

Por outra parte, entre o estudantado existen certos preconceptos lingüísticos que danan a proxección social e a utilización do galego. Moitos deles son antigos no mundo occidental, como se pode ver no traballo de Tuson (1995), mais outros son máis recentes e máis concretos: son os protagonizados, en boa medida, polo léxico. Escoitamos cunha relativa frecuencia singulares afirmacións, do tipo de que o léxico galego está a mudar continuamente por causa das modificacións normativas, de que o verdadeiro léxico é o do mundo tradicional e non o de ámbitos modernos ou urbanos, de que moitas palabras que se empregan na actualidade teñen significados raros ou descoñecidos, de que o galego non ten capacidade de renovación lexical, de que o galego é válido e útil para certos ámbitos (como por exemplo o da poesía) mais totalmente inacaído para outros (cal o da matemática, o da ciencia, o do deporte etc.) etc. Son, como se dixo, preconceptos que afectan poderosamente a imaxe da lingua, mais tamén o seu emprego, pois pártese da converxencia, duplamente negativa e en forma de espiral, de que (i) o galego non é apto para a vida moderna en parte porque non ten léxico adecuado, e (ii) o galego non ten léxico e capacidade vocabular para se desenvolver satisfactoriamente en diversos ámbitos e, por isto, non resulta válido. Na realidade, responden a comparacións interesadas, produto da visión colonizadora: case dun xeito máxico, a lingua con maiores capacidades lexicais costuma ser sempre a imposta e nunca a sometida.

Así as cousas, e tal e como fica dito nos obxectivos expostos máis abaixo, a presente UD, na medida das súas posibilidades, tenciona facer desaparecer eses xuízos valorativos preconceptuosos coa lingua e en especial co seu léxico, ao paso que tamén pretende involucrar o alumnado na recuperación e bo uso dos repertorios lexicais do galego e na reflexión de como varía a compoñente lexical, especialmente co factor da idade e co do xénero, marcas moi importantes na autoafirmación individual do estudantado. Para isto, deseñouse un tipo de contidos (conceptuais, procedementais e actitudinais) orientado tamén nesa dirección, ben como unhas actividades dirixidas á autorreflexión sobre o léxico e á compilación de unidades vocabulares.

2. ESTRUTURACIÓN

Combínase aquí unha parte teórica e unha práctica. Na primeira, denominada PRINCIPIOS EPISTEMOLÓXICOS, sinálanse os criterios con que se define e en que se enmarca o estudo do léxico, as súas relacións coa gramática, o que se entende por palabra, o tipo de palabras que hai no galego preferencialmente perspectivadas dun punto de vista semántico-lexical, unha aproximación elemental

ás relacións de sinonimia e de hiperonimia-hiponimia e unhas consideracións sociolingüísticas sobre o léxico.

Na segunda, coa epígrafe ACTIVIDADES PROPOSTAS, o propio alumnado vira o protagonista do traballo da unidade, pois ten a posibilidade de traballar de primeira man coa compoñente lexical ao ser capaz de escoller para un bo uso da lingua vocábulos dunha esfera semántica máis reducida, vinculábeis ás relacións semánticas de hiperonimia-hiponimia: cfr.: *dicir uns versos* → *recitar uns versos*, *dicir unha cantidade* → *marcar unha cantidade*, *dicir unhas palabras* → *proferir unha palabras* etc. Vai tamén compilar novas palabras que inclusive poden non figurar nos dicionarios ou até rexistrar palabras xa coñecidas no galego común mais con acepcións diferentes das máis habituais (as cales tamén poden carecer de proxección nas obras lexicográficas modernas). Igualmente, vai reflectir nas diferenzas lexicais desde a perspectiva da idade ou reparar na diferenciación vocabular tendo en conta os condicionantes de xénero. Ao final dos PRINCIPIOS EPISTEMOLÓXICOS conclúese cunhas referencias bibliográficas para quen quixer aprofundar nalgún dos aspectos desenvolvidos na unidade.

3. OBXECTIVOS

Convén aquí, en primeiro lugar, diferenciarmos entre as metas xerais de área, encadrábeis no marco da docencia xeral de Lingua e Literatura no ensino medio, e aqueloutras máis específicas, a que se fará referencia no seu lugar. Así pois, os obxectivos xerais, non exclusivos desta UD, poderían resumirse nos dous seguintes:

1. Coñecer e reflectir sobre aspectos formais e mecanismos da lingua para mellorar a competencia lingüística individual.
2. Aproximarse de forma activa das diversas técnicas de expresión oral e escrita co fin de desenvolver e mellorar a capacidade de comunicación en lingua galega¹.

¹ Séguese neste punto o exposto en González Refoxo & Rábade Castiñeira (1995: 13). Véxase tamén o traballo de García Negro & Costa Casas (1995: 51-55), en que se basean algúns dos contidos aquí expostos. Con todo, non está de máis repararmos en que a epígrafe "contidos xerais" se presta a

E en segundo lugar, tamén se poderían sinalar outras finalidades básicas que persegue a presente UD, agora xa de ámbito máis restrito, entre as cales cómpre salientarmos as seguintes:

1. Conseguir que este contributo sirva de axuda ao labor do profesorado, nomeadamente nos temas dedicados ao estudo do léxico.
2. Reparar en que o léxico fai parte da descrición gramatical e que esta costuma estar convencionalmente dividida en diversas disciplinas con importantes esferas de coñecemento comúns.
3. Facer que o alumnado se anime a traballar con unidades lexicais, tanto no sentido de recoller formas novas, descoñecidas ou pouco empregadas normalmente, canto no sentido de compilar novas significacións para palabras xa correntes ou de uso máis amplo.
4. Reparar na existencia de diferenzas vocabulares entre a fala do estudantado e a de persoas adultas e entre a fala das mulleres e a dos homes, con repercusións entre o alumnado.
5. Asimilar as relacións semánticas de sinonimia (total ou parcial) e de hiperonimia-hiponimia e aplicarlas ao léxico que se estuda ou que se compila.
6. Acrecentar os recursos vocabulares do estudantado de maneira activa.
7. Contribuír para a erradicación de preconceitos habituais entre o alumnado referidos tanto á lingua galega en xeral como á compoñente lexical desta en particular.
8. Reflectir sobre a riqueza lexical do galego e sobre as súas posibilidades expresivas.
9. Reparar no proceso de fixación normativa e de anovación lexical que atinxe o vocabulario dunha lingua, neste caso a galega.

tantas interpretacións como modelos e proxectos educativos houber. Doutra parte, adoita igualmente falarse de obxectivos xerais baixo a dimensión psicolóxica e sociolóxica do estudantado, ou sexa, pretendendo efectivar diversas metas globais no conxunto dos alumnos e das alumnas, a ter moi en conta o seu desenvolvemento persoal.

4. CONTIDOS

Márcanse os tres tipos convencionais de contidos, quere dicir, conceptuais, procedementais e actitudinais².

4.1. CONCEPTUAIS

- (a) O estudo do léxico na gramática.
- (b) Os vínculos entre as diferentes disciplinas gramaticais.
- (c) Os tipos de léxico.
- (d) Os tipos de palabras do punto de vista semántico-lexical.
- (e) Os tipos de dicionarios existentes.
- (g) A organización do léxico en campos lexicais ou en campos asociativos.
- (h) As relacións semánticas de sinonimia e hiperonimia-hiponimia.

4.2. PROCEDEMENTAIS

- (a) A manipulación de palabras analizando as mudanzas de significado.
- (b) A dedución do significado de palabras descoñecidas.
- (c) O manexo eficaz das obras lexicográficas máis representativas para o galego.
- (d) A lectura e a produción de textos coa finalidade de o alumnado explorar posibilidades expresivas e estéticas da lingua.

4.3. ACTITUDINAIS

- (a) Actitude reflexiva e respectuosa no uso da lingua.
- (b) Autoexixencia na elección dun léxico preciso e acaído, apto para cada situación comunicativa, sempre en función do contexto, interlocutor e finalidade da interacción mediante a linguaxe.
- (c) Utilización consciente da lingua sen interferencias lexicais, na liña do que se coñece nos nosos días como “emprego dunha lingua de calidade”³.

² Baseámonos nesta sección no sinalado en González Refoxo & Rábade Castiñeira (1995: 14).

- (d) Respecto polas variedades da lingua (xeográficas, sociais, individuais etc.), nomeadamente no que antixe o léxico.
- (e) Interese por avaliar e corrixir as propias producións lingüísticas orais ou escritas en que necesariamente teñen de converxer a eficacia comunicativa, a adecuación ao rexistro e a corrección idiomática.
- (f) Valorización da lingua como elemento de identificación persoal e colectiva e como mecanismo de cohesión social.
- (g) Recepción da tradición literaria como referencia no bo uso da lingua.
- (h) Recepción da tradición oral do idioma como elemento fundamental para a ampliación dos recursos vocabulares do individuo e do conxunto da sociedade.
- (i) Valorización da diversidade lexical do galego como unha ferramenta que ofrece grandes recursos para a expresión oral e escrita.
- (l) Actitude crítica con calquera comportamento individual ou colectivo que implicar discriminación por causa da lingua, do sexo, da idade, da condición social, do nivel de formación, da raza etc.

5. METODOLOXÍA

Expostos os obxectivos, é este o momento de indicarmos as cuestións metodolóxicas, isto é, os procedementos e estratexias que se van pór en práctica no proceso de ensino-aprendizaxe. Parece lóxico que deben ter como liñas fundamentais as tres seguintes:

1. A consideración en todo o momento do alumnado como centro do antedito proceso, como o seu protagonista elemental, entendido, desde a linguaxe técnica dos lingüistas, como *suxeito* e como *obxecto* da formación: *obxecto*, porque cara a el se dirixen as propostas epistemolóxicas e didácticas desta UD; e *suxeito*, porque el propio ha de ser capaz de traballar coa compoñente lexical do idioma a través das actividades propostas.

³ Repárese neste sentido nas recentes publicacións de Freixeiro Mato (2009) ou Sanmartín Rei (2009), nas cales unha das liñas estruturais asenta na corrección idiomática e no emprego consciente dun modelo lingüístico en que afloran con naturalidade os elementos definatorios ou caracterizadores do galego (infinitivo flexionado, futuro do subxuntivo, próclise con infinitivos rexidos con preposición, preferencia por determinadas ordes de palabras fundamentalmente cos clíticos como protagonistas, eliminación como norma xeral da preposición *a* co CD, rexeitamento de marcadores discursivos contaminados polo español etc.).

2. O coñecemento dos graos de desenvolvemento intelectual e socioafectivo do conxunto do estudiantado a que vai dirixida esta UD, que, como se pode presupor, pode presentar notorias diferenzas entre si.
3. O máximo respecto con relación aos distintos ritmos de aprendizaxe, sempre se tendo en conta as motivacións persoais de cada alumno ou de cada alumna.

O método que se utilizar debe ter en conta os obxectivos que se pretenden conseguir e as características concretas do destinatario a quen vai dirixida a UD. Hoxe adóitase falar de técnicas máis tradicionais, orientadas a ensinaren (formas didácticas expositivas) e técnicas renovadoras que focan o labor didáctico como un aprender (formas didácticas de elaboración). As primeiras limítanse a contemplaren a actividade docente no proceso didáctico, mais as segundas implican a participación activa do educando, para o cal foron pensadas as actividades formuladas cara ao final desta UD.

Canto aos procedementos didácticos para o alumnado assimilar os contidos, deben sempre contar cunha clara conceptualización, con rigor e con orde na exposición. Neses mecanismos didácticos, na nosa opinión, achamos de referencia os tres seguintes:

1. GUÍA DIDÁCTICA. Entregarase a cada estudante ao comezo da exposición nas salas e deberá explicitar necesariamente os seguintes datos: (i) os obxectivos da UD que se pretenden conseguir; (ii) a enumeración das partes en que se encontran estruturados os contidos; e (iii) as normas xerais sobre as prácticas (indicacións xerais sobre as actividades, posíbeis xeitos de as realizar etc.).
2. O PROCESO DE TRANSMISIÓN DOS CONTIDOS. No marco da lección maxistral, loxicamente entendida dun xeito pouco ríxido e con capacidade de se adaptar ás diferentes situacións educativas, propónse unha estrutura expositiva como a que segue: (i) diagnose puntual das ideas do alumnado sobre as características do léxico galego; (ii) presentación xeral do tema, en que se resaltarán os puntos básicos de que consta; (iii) exposición dos contidos nas cuestións epistemolóxicas; (iv) interacción necesaria co alumnado motivando

a súa curiosidade e a súa participación nas aulas; e (v) síntese a modo de conclusión.

3. POSTA EN COMÚN DAS ACTIVIDADES FORMULADAS NA UD. Unha vez expostos os contidos e realizadas as prácticas, chega o momento de que o alumnado dea conta dos seus traballos realizados na recollida de léxico, de novas acepcións significativas, da asimilación práctica de contidos etc.

Finalmente, canto aos materiais didácticos, para a compilación de léxico optamos por uns de elaboración propia que se explicitan na sección das actividades que ten de desenvolver o alumnado.

6. AVALIACIÓN

As actividades formuladas nesta UD presentan unha dedicación curricular temática moi concreta, como aprofundaren en cuestións de léxico e na súa compilación. Por este motivo, teñen de ser avaliadas combinando quer os resultados obtidos e a verificación dos obxectivos conseguidos, quer o desenvolvemento acaído dos labores encomendados, sempre no marco da avaliación continua. Deste modo, o mecanismo avaliativo ha de ser necesariamente: (i) *procesual*, pois asenta na observación do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado; e (ii) *formativo*, xa que avalía a evolución e os ritmos de aprendizaxe do alumno ou da alumna e observa os problemas da adquisición de coñecementos e o nivel de actitudes e habilidades adquiridas⁴. Os elementos de valor para levar á práctica esa avaliación continua fundaméntanse en medios usuais:

1. FICHAS DE OBSERVACIÓN do desenvolvemento das capacidades da alumna ou do alumno no relativo ao cumprimento de metas sinaladas e á asimilación dos diferentes tipos de contidos antes sinalados (conceptuais, procedementais, actitudinais etc.).

⁴ Véxase González Refoxo & Rábade Castiñeira (1995: 34).

2. SEGUIMIENTO DO CADERNO DE EXERCICIOS do alumno ou da alumna, en que se porá en valor a conclusión das actividades desenvolvidas na aula, a revisión do traballo feito, a correcta asimilación das ferramentas básicas con que traballar no estudo do léxico, a presentación coidadosa ou a verificación dos obxectivos marcados con anterioridade.

3. AUTOAVALIACIÓN E AUTORREFLEXIÓN do propio individuo no marco das actividades propostas (problemas para a compilación de determinadas entradas vocabulares, imprecisión nas definicións dalgunhas palabras, escaseza de material para certos campos lexicais, melloramento activo do propio uso da lingua grazas ao coñecemento desas novas palabras e significados etc.).

4. POSÍBEIS PROBAS que darán conta da verificación de que se cumpriron os obxectivos marcados, mais adaptándoas ao marco da avaliación continua en que se desenvolveron as actividades formuladas.



B. PRINCIPIOS EPISTEMOLÓXICOS

1. A LINGUA E A GRAMÁTICA

Aínda que a día de hoxe existen diversas definicións do concepto de 'lingua', as máis delas poden ser agrupábeis en dúas grandes correntes: as dos marcos teóricos formais e as dos modelos funcionais. Para aqueles, unha lingua costuma definirse como un conxunto de cláusulas ben formadas que serve para a expresión de ideas ou de pensamentos. Para os segundos, contrastivamente, e mesmo non se negando a importancia da reciprocidade na transmisión de ideas, unha lingua é fundamentalmente un mecanismo para a interacción humana que ten como función primordial a comunicación. Resulta obvio que cada cal poderá escoller a orientación que máis se adecuar á súa concepción do fenómeno lingüístico e, na verdade, non é tarefa doada decantarse exclusivamente por unha delas. Certamente, estamos perante a lonxincua discusión entre o innatismo e o empirismo da linguaxe partindo basicamente da definición do concepto de 'lingua'.

De calquera xeito, a descrición dunha lingua corresponde á gramática, que, a pesar de tamén posuír na actualidade varias definicións⁵, podemos entendela como a descrición científica da lingua e do seu sistema de funcionamento nun momento determinado. De aquí infírese doadamente que non é o mesmo ensinar lingua que ensinar gramática, pois o primeiro tipo de aprendizado asenta fundamentalmente no uso, ao paso que o segundo tipo pretende máis ben dar conta do seu funcionamento interno. Canto ás disciplinas que enforman o estudo da gramática, costuma falarse da fonética, a fonoloxía, a morfoloxía, a sintaxe, o léxico, a semántica e, máis recentemente, a pragmática. Con todo, até hai ben pouco tempo o eixo nuclear da gramática foi o constituído pola morfosintaxe (ou pola morfoloxía e pola sintaxe, de acordo con algunha correntes), de forma que ramos como a semántica ou a fonética, por exemplo, ficaron tradicionalmente á marxe da descrición gramatical.

⁵ Véxase Lewandowski (1992, s.v. *gramática*), por exemplo, que proporciona as seguintes: (i) manual ou libro de regras que describe a construción dunha lingua ou establece normativamente como válidas certas regras de uso; (ii) campo dentro da lingüística que investiga a constitución e variación das palabras, grupos de palabras, frases, mais que non toma en consideración a fonética e a fonoloxía, como tampouco a semántica e a formación de palabras; (iii) construción lingüística, estrutura inmanente da linguaxe, o sistema de regras en funcionamento que subxace á linguaxe; e (iv) conxunto de regras, das posibilidades dunha lingua, representadas nunha teoría da gramática como modelo e teoría parcial dunha teoría da linguaxe, ou como teoría lingüística universal.

Na realidade, é de interese pormos en relevo que a gramática non é constituída por compartimentos disciplinares inconexos: certamente, algúns gardan evidentes e importantes esferas en común, até o punto de que se ten falado de disciplinas enformadas por dúas hipóteses de estudo (como a morfofonoloxía ou a morfosintaxe). Sen ánimo de exhaustividade, as seguintes epígrafes ilustran puntos de intersección entre diversas disciplinas gramaticais:

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA / MORFOLOXÍA. Non resulta en ocasións doado diferenciarmos entre certos fenómenos morfolóxicos e outros do ámbito fónico, pois hainos intrinsecamente fonéticos e fonolóxicos que teñen repercusións morfolóxicas. Lyons afirmaba sobre este particular que son evidentes as relacións entre morfoloxía e fonoloxía⁶, como acontece coa metafonía, en pares como *novo* ['noβo] ~ *nova* ['nɔβa] ou *sogro* ['ʒouɾo] ~ *sogra* ['ʒouɾa], que é en tales casos un trazo redundante da flexión xenérica, xa explicitada a través dos morfemas *-o / -a*.

2. MORFOLOXÍA / SINTAXE. Os vínculos entre ambas as disciplinas levaron a consideralas como unha única materia, aínda que hai correntes que non partillan este postulado⁷. Nas escolas estruturalistas europeas sempre se avogou pola unidade elementar entre ambas, de forma que sería unha disciplina que se ocuparía dos estudos das formas e das súas funcións. Un exemplo das ligazóns existentes vén dado a través dos trazos flexivos, pois

⁶ As relacións entre morfoloxía e fonoloxía levaron un autor como Troubetzkoy a utilizar un termo como *morfofonoloxía* ou *morfonoloxía* para designar un termo intermediario entre a morfoloxía e a fonoloxía, o que sería seguido por autores como Harris ou Hockett, que secundaron a proposta de Troubetzkoy. A disciplina ponte tería como finalidades (i) estudar a estrutura fónica dos morfemas, (ii) estudar as estruturas fónicas das modificacións que se presentan cando un morfema se combina con outros e (iii) estudar as mudanzas fónicas que teñen consecuencias na morfoloxía. A unidade de análise desa disciplina asenta no morfofonema.

⁷ Con todo, para uns débese separar a morfoloxía (o estudo das formas) da sintaxe (o estudo das relacións que estas formas establecen entre si para posibilitaren as unidades como a frase, a cláusula etc.). É unha a proposta que ten, sobre todo en Norteamérica, unha maior subscripción e implantación, ao paso que no veciño Portugal predominan con moito as correntes que potencian a división entre a morfoloxía, a sintaxe, a fonoloxía e a semántica. Desde este punto de vista a morfoloxía debe cinxirse á forma interna das palabras, de tal modo que a unidade máxima de análise é a palabra.

están intimamente relacionados con diversas propiedades e funcións sintácticas: por un lado, hai fenómenos tipicamente sintácticos que teñen repercusións morfolóxicas entre as unidades da morfoloxía (morfemas e palabras) e as sintácticas (frase e cláusula), como os mecanismos da concordancia entre varios elementos, en cuxo caso se fala das *propiedades de concordancia* (cfr.: *As casas brancas* ~ **As casa branca* ~ **As casas branca* ~ **As casa branco* etc.). En segundo lugar, convén falarmos das *propiedades configuracionais*: nunha lingua dotada de caso morfolóxico, como o latín, un nome substantivo poderá recibir a marca do caso nominativo se for suxeito dunha cláusula, ou sexa, a marca flexiva de caso depende tamén da función sintáctica (cfr.: *Homo canes videbat* ~ **Hominem canes videbat* ~ **Hominis canes videbat* 'O home vía os cans'; etc.). E en terceiro lugar, a composición, que se define como o mecanismo morfolóxico para crear palabras novas combinando dúas bases previas, ten unha moi produtiva estrutura na secuencia V + CD; nótese que o CD é unha función sintáctica, mais o resultado é, con todo, unha palabra: *ferrapulgas*, *limpabotas*, *quitamedos*, *tornarratos*, *tornavoda* etc.

3. SEMÁNTICA / MORFOLOXÍA / LEXICOLOXÍA. Entendida a semántica como a disciplina que se ocupa do significado das palabras, a semántica lexical ou lexicoloxía vai ocuparse de estudar o significado dos lexemas. Por outra parte, é evidente que a formación de palabras mediante os mecanismos de derivación, composición etc. ten un fundamento nitidamente morfolóxico ao entraren en xogo diferentes morfemas (derivativos e flexivos). Mais resulta tamén obvio o ámbito lexicolóxico con que se vincula, pois o resultado son novas unidades lexicais que pasan a facer parte do fondo lexical da lingua⁸: *branco* → *branquear*, *branquexar*, *abrancazar*; *grande* → *agrandar*, *engrandecer*; *estreito* → *estreitar*, *estreitecer*; etc. É o que vén chamándose semántica gramatical, en contraposición á semántica lexical ou lexicoloxía.

⁸ Por súa vez, en Faria & Pedro & Duarte & Gouveia (1996: 14) insítese na consideración da lexicoloxía e da semántica dentro da análise gramatical, a faceren fincapé na existencia na gramática dunha "componente *lexical*, responsable pola caracterización dos itens lexicais da lingua em questão e pelos procesos produtivos de formación de palabras dessa lingua". Os mecanismos de creación de palabras ficarían, por tanto, agrupados nesta compoñente lexical.

4. SINTAXE / SEMÁNTICA. Mais non unicamente a morfoloxía resulta favorecida nas súas relacións con outras disciplinas lingüísticas, xa que a sintaxe posúe igualmente vínculos con outros ámbitos disciplinares, como é a semántica. Desde o desenvolvemento da gramática de valencias na segunda metade do século XX e a súa influencia en escolas posteriores tamén se pon de manifesto a íntima relación existente entre a descrición sintáctica e a semántica, de tal modo que a valencia verbal, que podemos definir como o número de lugares baleiros que un verbo precisa de preencher para ter significación plena, pondera a interconexión entre ambas as disciplinas. En condicións normais, o verbo *construír* rexe un suxeito ou primeiro actante co trazo [+humano] e un CD ou segundo actante co trazo [-animado]: *Os albaneis construíron un muro*; alterando a caracterización semántica dos dous elementos, podemos obter resultados como os seguintes: **Os pasteis construíron un muro* (*pasteis* [-humano], *muro* [-humano]), **As veciñas construíron un avó* (*veciñas* [+humano], *avó* [+humano]) etc. Deste xeito, verificase que os trazos semánticos dos actantes desempeñan un papel elementar na asignación de funcións semánticas e sintácticas.

Fica claro, por tanto, que a reflexión gramatical pode levarse a cabo partindo de diversas disciplinas que presentan unhas importantes ligazóns entre si. Por motivos pedagóxicos ou didácticos herdados da tradición clásica, algunhas costuman estudarse por separado, aínda que o certo é que en ocasións resulta conflituoso discernirmos onde acaba un ámbito gramatical e onde comeza outro.

2. APROXIMACIÓNS Á PALABRA

No estudo da gramática salientase unha das unidades lingüísticas talvez máis complexas de delimitar e de definir, como é a palabra. Ten habido posturas diversas por parte dos lingüistas, sen que se ache, a día de hoxe, aínda unha resposta unánime a como se pode percibir esta unidade. Nesa certa polémica, e antes de avanzarmos máis en materia, incide o criterio de como se debe entender, á marxe da súa definición ou do campo disciplinar que se priorizar:

1. En primeiro lugar, pode entenderse como unha entidade material ou palabra fonolóxica, vista preferencialmente desde o plano da expresión, analizábel en sílabas e fonemas, sen que isto loxicamente lle impida ser considerada como un signo: *casa*, *ca-sa*, /^hkasa/. Hai tamén autores que falan

de palabra fonolóxica nos casos en que un elemento con acento principal subordina fonética e sintacticamente unidades clíticas adxacentes (unha cláusula como *As ministras adiantaron a reunión* estaría enformada por tres palabras fonolóxicas nucleadas á volta dos tres acentos de *ministras*, *adiantaron* e *reunión*, ao paso que os dous artigos *as* e *a* farían parte, respectivamente, das palabras fonolóxicas *ministras* e *reunión*). E tamén hai estudiosos que sinalan como palabra fonolóxica aqueles casos en que unha palabra representa máis dunha unidade gramatical (*vén*, P₃ do presente do verbo *vir* / *ben*, adverbio de modo).

2. Por outra parte, a palabra pode verse mesmo como unha entidade pertencente ao dominio da ortografía, xa que presenta determinadas características ortográficas. Estamos a nos referir ás convencións ortográficas (*A Coruña* / **Ha Khoruña*), ás indicacións que prescriben uso do acento gráfico (*é*, *traizón* etc.), ás situacións de homofonía e homografía (o antes citado *vén*, verbo / *ben*, adverbio), á correcta separabilidade dos constituíntes frásicos (*Veude vagar* / **Veude vagar* / **Veude de vagar* / **Veudevagar*) etc.

3. En terceiro lugar, é susceptible de se entender como unha entidade abstracta salientando principalmente o seu significado lexical. Deste xeito, a palabra sería perspectivada como un lexema, como unidade fundamental do léxico dunha lingua (*lobo*, *loba*, *lobiños* ou *lobiña* serían realizacións da unidade abstracta LOBO; etc.). Trátase dunha perspectiva que mesmo ten levado algúns autores a substituíren o termo 'palabra' polo de 'lexema', aínda que non é un punto de vista secundado universalmente.

4. En cuarto lugar, pode tamén entenderse como o membro dun paradigma, caracterizado polas categorías gramaticais: por exemplo, cando pensarmos na unidade *miña*, que pertence ao sistema dos pronomes referenciais precisos posesivos, ou en *ti*, que corresponde ao inventario dos pronomes persoais, achámonos diante de unidades de contido gramatical: persoa (P₁), número (singular) e xénero (feminino) en *miña*; persoa (P₂) e número (singular) en *ti*.

5. E, igualmente, unha unidade como *casa* na secuencia *pequena casa de pedra* presenta un cadro de rexencia sintáctica diferente do de *pequena* e de *pedra*, pois o seu carácter nuclear é diferente ao de *pequena* e ao de *de pedra*

nesa unidade frásica. Do punto de vista da sintaxe, (i) hai palabras con capacidade para rexeren outras palabras adxacentes sintáctica ou semanticamente, (ii) hai unidades que só se poden comportar como subordinadas e (iii) existen outras que manteñen relacións de interdependencia (como as preposicións) con outros elementos (os termos). As palabras integrantes de *pequena casa de pedra* presentan, por tanto, relacións diferentes entre si e é *casa* o elemento nuclear que resulta modificado por *pequena* e por *de pedra*.

Por estas circunstancias, a palabra é susceptíbel de ser analizada e estudada desde varias disciplinas lingüísticas, tales como a ortografía, a fonoloxía, a morfoloxía, a sintaxe, a lexicoloxía ou a semántica. A problemática da palabra, tamén no que atinxe a súa abordaxe (ortográfica, fonolóxica etc.), proxéctase na existencia de diversas definicións, o que é debido en parte á ocorrencia de diversos marcos teóricos. Para uns, os que se centran nos seus trazos morfolóxicos, a palabra ten de ser entendida como a forma libre mínima con independencia fonolóxica, isto é, unha unidade morfolóxica superior dotada de independencia fonolóxica. Nesa mesma liña, noutros traballos aparece definida como a etiqueta da proxección máxima dun morfema radical, isto é, da unidade morfolóxica que domina o tema e o seu especificador, que é a flexión morfolóxica (Mateus *et aliae* 2002: 938).

Mais, non lle negando a súa básica caracterización morfolóxica, tamén pode ser percibida combinando outras disciplinas lingüísticas. Deste modo, defínese como o elemento central do plano lexical, que é a portadora dun significado lexical; así vista, sería a parte do discurso menor, autónoma, caracterizada como a unidade de construción do plano fonético e tamén grafico, gramatical e semántico que entra en relación directa coas restantes unidades da lingua. Por iso a palabra é unha unidade de forma e de contido: distínguese do morfema polo feito de este ser o portador menor autónomo de significado; á forma pertencen os elementos da estrutura da palabra (morfemas, sílabas, combinacións etc.) e tamén os trazos suprasegmentais (acento, entoación). Para Álvarez & Xove (2002: 221) responde á unidade base do discurso e ao mesmo tempo á unidade mínima libre e ao sintagma mínimo, ao paso que para Freixeiro Mato (2006, II: 27) se trata dunha unidade gramatical, de límites pouco precisos (como produto das súas posíbeis abordaxes), situada gradativamente

entre o morfema e a frase⁹ e en que se combinan tanto a vertente do significado como a do significante.

En definitivo, á vista destas definicións, podemos sintetizar como se pode entender a palabra afirmándonos que se trata dunha unidade do ámbito da morfoloxía, dotada de significación e intermediaria entre o morfema e a frase no marco das unidades lingüísticas gradativas, que presenta características ortográficas, fonéticas e fonolóxicas, morfolóxicas, sintácticas, semántico-lexicais ou discursivas. Por este motivo, é susceptible de se estudar desde diversas disciplinas e saberes lingüísticos.

3. CLASES DE PALABRAS E TIPOS DE PALABRAS

As respostas á pregunta de cantas clases de palabras hai na lingua son múltiples e isto parte xa do propio concepto de *clases de palabras*, que ocorre co de *partes da oración* ou co de *categorías gramaticais*. A primeira denominación implica certa problemática, pois desde outra perspectiva unha parte da oración tamén é un CD ou un CI ou mesmo unha cláusula enteira que desempeñar unha determinada función sintáctica¹⁰. Outrosí, a segunda formula igualmente algúns problemas, xa que categorías gramaticais tamén o son o xénero, o número ou o tempo, que se manifestan a través dos respectivos morfemas gramaticais.

⁹ Neste sentido, entendéndoa no marco hierárquico das unidades lingüísticas gradativas como o elemento de rango intermediario entre a frase e o morfema, paga a pena ponderarmos non se trata dunha unidade xeral a todas as linguas, como tampouco son xerais a todas elas as propiedades que se puideren distinguir na palabra. A súa existencia como unidade diferenciada face ao morfema e á frase depende en última instancia do tipo de linguas.

¹⁰ A este respecto, imaxinemos por un momento que, a facermos un exercicio de comparación, pedimos a alguén que nos enumere as partes da casa: entendemos como partes as unidades de distribución que corresponden aos seus interiores (cociña, cuartos etc.)? Entendemos o número de andares que enforman o edificio? Servirá para entendermos do mesmo rango as escadas e os trasteiros que a cociña ou o dormitorio? Entendemos que cada cuarto ten unha estrutura interna ou non (orientación norte-sur, localización da xanelas, disposición dos móbeis)?

Así pois, aínda que se trata dunha nomenclatura que compite coas outras dúas, talvez sexa máis útil empregarmos a denominación de clases de palabras, entre as cales se distinguen a seguintes:

1. Nome (substantivo e adxectivo)
2. Pronome (nuclear e adxacente)
3. Verbo
4. Adverbio
5. Preposición
6. Conxunción

Fagamos agora algunhas consideracións sobre esta clasificación. En primeiro lugar, a diferenciación entre substantivo e adxectivo é basicamente sintáctica; hai nomes que son fundamentalmente substantivos (*camisa, doazón, montaña, praia* etc.), outros que son fundamentalmente adxectivos (*alto, baixo, grande, rectangular* etc.) e outros que poden desempeñar ambos os roles modificando a súa orde nunha construción superior (*Uns **traballadores** ourensáns: núcleo / Uns ourensáns **traballadores**: adxacente*). En segundo lugar, dunha maneira análoga, dentro da clase dos pronomes hai tipos que axen só como elementos primarios das unidades superiores ou como substantivos (*algo, isto, aquilo, ninguén* etc.), outros que se comportan só como elementos adxacentes ou adxectivos (*cada, cuxo* etc.) e outros que teñen preferencia por un tipo de comportamento, aínda que son quen de desempeñaren ambas as responsabilidades (**A** *amiga é esa*: adxacente; **A** *de aí abaixo, A que viches onte*: núcleo); así pois, o artigo fica organizado dentro dos pronomes, enmarcado dentro daqueles que presentan un comportamento comunmente como formas adxectivas ou adxacentes. E en terceiro lugar, a interxección non se tivo en conta, pois non é un tipo de palabra, mais equivale a un enunciado, isto é, a unha construción de carácter superior pertencente ao dominio da sintaxe; hai autores, no entanto, que a consideran unha clase de palabras, mais o certo é que levanta problemas: é analizábel do punto de vista fónico (*ai, ho* etc.), mais carece normalmente de estrutura morfolóxica (a non ser que se consideraren interxeccións fórmulas como *miña xoia, miña xoíña* etc.); e formas como *ei, ou, ui* etc. tampouco son morfemas libres porque, de o seren, poderían comportarse como unha palabra e estaren integrados en unidades superiores, como a frase.

Noutra orde de cousas, non convén confundirmos as clases de palabras a que acabamos de facer referencia cos tipos de palabras de que podemos dar conta no noso idioma. Aquí entran en xogo outros factores que poden servir para a súa clasificación ao fío do que foi sinalado en seccións anteriores.

1. POLAS CARACTERÍSTICAS PROSÓDICAS. O acento é unha característica fonolóxica que se pode definir como a maior intensidade articulatoria que presenta unha sílaba na cadea falada a respecto doutras que carecen dela. As palabras que presentan a dita característica son palabras tónicas ou fonoloxicamente acentuadas, ao paso que aquelas que non levan acento son palabras átonas. Os verbos, nomes, a maior parte dos pronomes e algúns adverbios son palabras tónicas; contrastivamente, a maior parte das preposicións e das conxuncións e o resto dos pronomes son palabras átonas.

2. POLA COMPUTACIÓN SILÁBICA. A sílaba é unha unidade do estudo da compoñente fónica formada obrigatoriamente por un núcleo e eventualmente por unha ou máis marxes silábicas. Dependendo do número de sílabas que tiveren as palabras, estas poden ser monosilábicas (aquelas palabras con só unha sílaba; *e, es, nó, ver* etc.) ou polisilábicas (as que tiveren máis de unha sílaba: *gato, libro, sobre* etc.; *achegar, cadeira, formular* etc.; *cafeteira, neurólogo, radioloxía, etc.*; *acabamento, antigüidade, ornitorrinco* etc.; *desparafusador, sensibilizada, superestrutura* etc.; *encefalograma, microbioloxía, otorrinolaringóloga* etc.)¹¹. Ponse de manifesto desde esta perspectiva máis un punto de unión entre a morfoloxía e a fonoloxía, pois estase a acudir a principios fonolóxicos para nos aproximarmos da palabra.

3. POR CRITERIOS FLEXIVOS. As clases de palabras poden ser tamén agrupadas en variábeis e invariábeis, de acordo coa posibilidade de se combinaren cos morfemas flexionais. Son palabras variábeis os nomes, os verbos e a maioría dos pronomes; neste punto, a gramática tradicional non distingue as propiedades flexivas que se asocian especificamente a unha clase de palabras

¹¹ Cómpre salientarmos que a fonética sintáctica, nomeadamente en rexistros dialectais, coloquiais ou populares, pode incidir na percepción do número de sílabas. Deste xeito, unha secuencia tetrasilábica como *para unha*, na cláusula *Os rapaces van para unha festa*, pode ouvirse de diferentes modos: [pra ñhã] [para ñhã], [parñhã], [prõhã] etc.

(por exemplo, o verbo ten flexión temporal mais non xenérica). E son palabras invariábeis os adverbios, as preposicións, as conxuncións e algúns pronomes (*alguén, aquilo, nada, outren, quen* etc.).

A este respecto, convén ponderarmos que hai palabras variábeis, como os nomes, que só presentan variación en xénero, outras que só varían en número e outras que varían nas dúas flexións: nos nomes substantivos sen oposición xenérica, por exemplo, só se varía en número (*mesa, mesas* etc.), e nos nomes substantivos con xénero contextual tamén só se varía no número (*a artista, as artistas / o artista, os artistas*; etc.) No caso dos pronomes a cousa é algo máis complexa: hai pronomes sen flexión (*algo, se, nada* etc.), pronomes con flexión de número mais sen flexión de xénero (*cal, cales*), pronomes con flexión de xénero e sen flexión de número (*dous, dúas* etc.) e pronomes con flexión de xénero e flexión de número (*ningún, ningúns, ningunha, ningunhas*)¹².

4. POR CRITERIOS SINTÁCTICOS DE ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES. As palabras son átomos sintácticos, ou sexa, a través da sintaxe non se pode obter ningún tipo de información acerca da súa estrutura interna, mais si do seu comportamento con outras palabras e das relacións que manteñen entre si. Así, as palabras son susceptíbeis de se entenderen dependendo da súa relevancia ou protagonismo no marco de unidades lingüísticas gradativas, neste caso superiores, como a frase. Nas frases endocéntricas presuponse un núcleo lexical arredor do cal se expande a frase e que mantén relacións de subordinación co resto dos elementos (*nenos / nenos altos / nenos altos da montaña* etc.). Nas frases exocéntricas non hai un núcleo claro e as relacións son de interdependencia, como nas construcións preposicionais (cfr. *Veño de París / *Veño de; Falou co profesor / *Falou con*; etc.). Así, do punto de vista da

¹² Sería interesante distinguirmos, entre as clases de palabras variábeis, aquelas que presentan trazos flexivos porque os reciben através da concordancia (como o verbo ou o nomes adxectivo) e aquelas que os teñen asignados lexical e semanticamente (o nome substantivo). Se encontramos un adxectivo feminino plural, é obvio que recibiu esas marcas dalgún substantivo, pois o xénero e o número son categorías inherentes ao substantivo: os demais elementos que as presentan só o fan grazas aos mecanismos de concordancia. Tamén sería preciso facermos referencia ao distinto comportamento flexivo que se manifesta entre o verbo, dun lado, e o nome, por outro, pois a tendencia xeral nas linguas do mundo é teren unha morfoloxía verbal moito máis rica que a nominal.

frase, e en especial da endocéntrica, as palabras poden ser sintacticamente (i) núcleos ou elementos primarios; e (ii) adxacentes ou elementos secundarios.

5. POLA NATUREZA DA SÚA SIGNIFICACIÓN. Aínda que na seguinte sección nos deteremos nesta perspectiva, adiantamos aquí que as palabras se agrupan en lexicais (con significación externa) e gramaticais (con significado interno).

6. POLOS MECANISMOS DE XERACIÓN DE PALABRAS. Aparecen aquí criterios lexicais (pois permiten a aparición de novas unidades vocabulares), mais tamén sintácticos (para a explicación de determinadas formacións, como as palabras compostas, e as regras que se manifestan nos signos mínimos para a súa creación) e morfolóxicos (pois entran en xogo os morfemas radicais e afixais). As palabras serían, pois, reducíbeis a tres tipos principais: (i) simples ou palabras base (*ben*), (ii) complexas (presentan estrutura interna e poden ser derivadas, como en *facer* → *re-facer*, *cadeira* → *cadeir-iñ-a*, *necesario* → *des-necesario* etc., ou flexionadas, como en *bo-s*, *mesa-s* etc.) e (iii) compostas (formadas por máis dunha base: *comelixos*, *papalardos*, *rebentafoles* etc.).

No seguinte cadro sintetízanse as tipoloxías de palabras de acordo cos diferentes criterios:

1. Criterios prosódicos	Tónicas		
	Átonas		
2. Computación silábica	Monosilábicas		
	Polisilábicas		
3. Criterios flexivos	Invariábeis		Totalmente variábeis
	Variábeis		
			Parcialmente variábeis
4. Criterios sintácticos	Núcleos e adxacentes (relacións de subordinación)		
	Relatores e termos (relacións de interdependencia)		
5. Criterios semánticos	Palabras lexicais		
	Palabras gramaticais		
6. Criterios de	Simples	Derivadas	

formación de palabras	Complexas	
		Flexionadas
	Compostas	

4. A PALABRA E O LÉXICO

Segundo o exposto en Vilela (1994: 10), o léxico dunha lingua pode ser visto como o seu dicionario ideal, como a totalidade das palabras que se achán nela ou como o saber interiorizado por parte dos falantes dunha comunidade lingüística acerca das propiedades lexicais das palabras (fonolóxicas, gráficas etc.). Posta a atención nas diferentes compoñentes da lingua, haberá tantos tipos de palabras como perspectivas de abordaxe. A centramos o noso interese nos criterios da natureza da súa significación, imos achar unha dupla tipoloxía: *palabras lexicais* (tamén chamadas simplemente *palabras*), e *palabras gramaticais* (ou, con outra nomenclatura, coñecidas como *operadores*): aquelas son as portadoras dun significado lexical; estas presentan unha significación non lexical e circundan as palabras para as daren posto en relación unhas con outras no marco das relacións e das construcións sintácticas. Así, nunha secuencia como *As persoas que chegaron cansas de viaxaren pediron dous zumes e dous cafés*, os elementos *persoas*, *chegaron*, *cansas*, *viaxaren*, *pediron*, *zumes* e *cafés* corresponden a palabras lexicais, en canto *as*, *que*, *de*, *dous* e *e* fan parte das palabras gramaticais. Ao fio desta secuencia sintáctica, dedúcese que as palabras lexicais son aquelas que teñen significación externa e que están constituídas por morfemas lexicais; corresponden aos nomes substantivos, aos nomes adxectivos, aos verbos e aos adverbios de modo. Por seu turno, as palabras gramaticais posúen significación interna, gramatical ou lingüística e están constituídas por morfemas gramaticais; nelas inclúense os pronomes, as preposicións, as conxuncións e os demais adverbios.

Na realidade, a distinción entre ambos os tipos, gramaticais e lexicais, é máis relevante do que en principio puiden parecer. As palabras lexicais están continuamente a entrar e a saíren da lingua, de tal xeito que nos séculos de vida do galego certo léxico se foi perdendo e, por súa vez, outro foi incorporándose. As mudanzas nos sistemas de produción do mundo tradicional e o subsecuente ocaso do mundo rural trouxo consigo unha notábel perda de léxico empregado precisamente no ámbito camponés e mariñeiro e fixo que o léxico galego presente a día de hoxe unha relativa descompensación: repárese en que, por exemplo, o número de palabras para designar os utensilios de labranza é moi superior ao existente para certos ámbitos da vida actual (xurídico, técnico, científico etc.). A este

respecto, a afirmación de que o léxico das linguas está constantemente a mudar lévanos a considerarmos o feito de que hai palabras que se levan empregando practicamente desde a colonización romana hai máis de vinte séculos (como *chave, lúa, noite, ollo* etc.), ao paso que outras, que se utilizan dunha maneira normal na actualidade, son moitísimo máis recentes: vocábulos para nós tan habituais como os nomes substantivos *aeroplano, aeroporto, beirarrúa, morfoloxía, radar, televisión, telexornal, sanatorio, diacronía* etc. foron aparecendo ao longo dos séculos XIX-XX; nomes adxectivos cal *clasificadorio, ferroviario, marxista, rosaliano, pondaliano* etc. detéctanse ao longo do século XIX-XX; e novos verbos, como *chatear, clicar, detectar, sintonizar, parabenizar* etc. son tamén dos nosos días.

As palabras gramaticais, no entanto, desaparecen en poucas ocasións, pois iso implicaría unha reformulación seria da estrutura da lingua ao se veren afectados os seus diferentes paradigmas. Se, por exemplo, se perdese o pronome *eu*, pertencente ao inventario dos pronomes persoais, tal eliminación traería consigo importantes mudanzas no sistema de pronomes posesivos (*meu*), na organización das referencias deícticas dos demostrativos (*este, ese e aquel* parten das propias coordenadas deícticas do *eu*), no sistema de morfemas de número e persoa dos verbos etc. Igualmente, pensemos en que se a preposición *a* entrase en crise e ficase obsoleta, o sistema de elementos nexuais do galego tería de se adaptar a esa modificación e debería, se callar, proxectar unha nova unidade para lle conferir os valores semánticos e sintácticos que antes desenvolvía *a*, o que traería como consecuencia unha remodelación tamén profunda no uso dos verbos que rexían actantes introducidos por *a* (*aspirar a, dirixirse a, ir a* etc.), nos procedementos para marcaxe da función sintáctica CI (*dar algo a alguén, obedecer a alguén* etc.) etc.

Así as cousas, as palabras lexicais están inventariadas en grupos abertos, de aí a súa facilidade para se renovaren ou se esqueceren¹³ co pasar do tempo. As palabras gramaticais, contrastivamente, están organizadas en paradigmas fechados e é isto o que explica a súa resistencia a desapareceren. Á diferenza da sintaxe, onde se di que unha construción é gramatical ou non, ao se falar das palabras non conta só a súa

¹³ Para os falantes dunha lingua calquera resulta moi difícil imaxinaren outra que careza dalgunhas das clases gramaticais que contería a propia, e tamén ao revés: é frecuente que algunhas das clases abertas que hai no galego sexan fechadas noutros idiomas, como é o caso do *igbo*, lingua africana que só ten oito adxectivos (*grande, pequeno, negro ou escuro, branco ou claro, novo, vello, bo e mao*) ou do *hausa*, lingua norteafricana que só posúe adxectivos para *grande, pequeno, longo ou alto, curto, fresco ou cru, novo, vello, negro, branco, vermello e mao*.

posibilidade de corrección, mais tamén se existe ou non. En sintaxe, poñamos por caso, non cabe falarmos de cantas cláusulas existiron, existen ou poden existir nun futuro a curto ou longo prazo, mais ao analizarmos a palabra si é posíbel unha focaxe nesta dirección: hai unidades que se documentaron noutras épocas mais que hoxe non se utilizan e até é relativamente posíbel aproximármolos, mediante modelos estatísticos, de cales son as palabras máis utilizadas presentemente. É por isto que varias das actividades propostas máis abaixo insisten na compilación de vocábulos por parte do alumnado antes de que se poidan perder definitivamente.

Mais que as palabras lexicais sexan capaces de se inventariaren nuns tipos de repertorios moito máis flexíbeis que as palabras gramaticais pode dar a idea dunha certa desorganización, o cal non é certo. Aínda que a semántica foi tradicionalmente unha disciplina secundarizada na reflexión gramatical, o certo é que se verificou ao longo da segunda metade do século XX que era susceptíbel de análise cunha metodoloxía próxima da fonoloxía. Así, partindo da lexicoloxía ou semántica lexical, é aquí onde cobra sentido a noción de *campo lexical*¹⁴, que é un conxunto ordenado de palabras emparentadas polo seu significado ao partillaren unha esfera común de significación; deste modo, unidades como *cadeira*, *banco*, *banqueta*, *sofá*, *poltrona*, *escano* ou *tallo* pertencen ao mesmo campo lexical, ao de *asento*, pois todas elas partillan o significado común de 'lugar para sentar'; diferéncianse por teren semas distintos, que son matices significativos de diferenciación, como se exemplifica no seguinte cadro¹⁵:

	S ₁	S ₂	S ₃	S ₄	S ₅	S ₆	S ₇
cadeira	+	+	+	-	+	+	-
banco	+	(+)	-	-	+	+	-
banqueta	+	-	+	-	+	+	-
sofá	+	+	-	+	+	-	-
poltrona	+	+	+	+	+	-	+
escano	+	+	-	-	+	+	-
tallo	+	-	-	-	+	+	+

¹⁴ Tamén se fala en ocasións de campo semántico como un conxunto de palabras ou expresións que abranxen un determinado campo de significados. Véxase Lewandowski (1992: 46-47, s.v. *campo semántico*) para esta e outras acepcións.

¹⁵ Véxase Freixeiro Mato (2006, III: 46-47), en que se basea este cadro.

<i>meso</i> ¹⁶	+	-	+	-	+	+	-
---------------------------	---	---	---	---	---	---	---

Lexenda:

Campo lexical: *asento*.

Arquilexema: *asento*.

Lexemas: *cadeira, banco, banqueta, sofá, poltrona, escano, tallo, meso*.

Semas: S₁ ('obxecto construído para sentar'), S₂ ('con respaldo'), S₃ ('para unha persoa'), S₄ ('con brazos'), S₅ ('con patas'), S₆ ('feito de material duro'), S₇ ('baixo').

Desde a perspectiva do estudantado, a noción de campo lexical vira útil para compilar léxico, mais tamén pode ser de notábel utilidade traballar co concepto de *campo asociativo*, que, do mesmo xeito que os campos lexicais, son formados por unidades lexicais que partillan esferas de significación semántica. Na verdade, á diferenza dos anteriores, supoñen organizacións conxunturais de contidos semánticos, pois dependen en boa medida dos vínculos semánticos que establecer o falante nun momento dado, en canto os campos lexicais responden a campos estruturais, pois serven para estruturaren o léxico da lingua. Por outra parte, os campos asociativos presentan a vantaxe de que non teñen de corresponder a unha única clase lexemática, xa que podemos achar nun mesmo campo diferentes clases de palabras (verbos, nomes substantivos, nomes adxectivos e adverbios). Así palabras como *a chuzos, abundante, auga, chover* ou *diluviar* son susceptíbeis de se agruparen nun mesmo campo asociativo, o que non impide que algunha delas poida facer parte doutros campos, como *abundante* en *abundante, copioso, de abondo, chegar, fartura, farturento, moito* ou *saciar*.

Dentro, pois, da natureza ou do tipo de significación que presentaren as palabras, existen tamén outras posibilidades de clasificación que merecen ser tidas en conta. Resulta ben coñecida a visión de Coseriu, por exemplo, que identifica o léxico dunha lingua como a totalidade das palabras dese idioma que corresponden á organización

¹⁶ A palabra *meso* emprégase na Fonsagrada adoito para designar as banquetas altas dos negocios de restauración.

inmediata da realidade extralingüística. Nesa totalidade de palabras márcanse os tres seguintes tipos:

1. **PALABRAS LEXEMÁTICAS**, que son aquelas que estruturan e representan a realidade extralingüística cun significado constante: *berma, bubela, camiño, carro, casa, copo, computador, discoteca, escola, linguaxe, mesa, muller, libro* etc.

2. **PALABRAS CATEGOREMÁTICAS**, que corresponden aos pronomes, que representan só a forma de estruturaren o extralingüístico, mais que non se identifican nin representan ningunha materia extralingüística por non teren unha significación constante: *acólá, aí, aló, cada, catro, vinte e oito, eu, esta, ninguén, nós, seu, vós, voso* etc.

3. **PALABRAS MORFEMÁTICAS OU INSTRUMENTAIS**, que son aquelas que funcionan só na estruturación do falar e que serven para organizaren as estruturas fráscas e as clausais, como son as preposicións e as conxuncións: *a, até, desde, embora, en, por, porén, que, se, segundo* etc.

O seguinte cadro recolle en síntese algunhas das clasificacións e distincións das palabras do punto de vista semántico:

Denominación convencional	Outras	E. Coseriu
Palabras lexicais	Palabras	Palabras lexemáticas
Palabras gramaticais	Operadores	Palabras categoremáticas
		Palabras morfemáticas

As palabras gramaticais (operadores ou palabras categoremáticas e palabras morfemáticas) non fan parte propiamente do conxunto do léxico dunha lingua como acontece coas lexicais. Con todo, mecanismos de xeración de novas unidades

vocabulares (derivación, composición, encurtamento etc.), en tanto que procesos gramaticais, serven para vincularen estreitamente o léxico coa gramática, o que redunda na afirmación antes apuntada de que no estudo das diferentes disciplinas que enforman a gramática non hai compartimentos estancos. Nestes medios, a *lexicología* defínese, segundo se viu, como o estudo do contido lexical sistémico ou do significado das palabras, ao paso que a *lexicografía* se encarga do proceso de elaboración de dicionarios e do estudo da descrición da lingua feita polos dicionarios, conforme expón Vilela (1994: 11).

Así pois, o léxico dunha lingua, e por tanto as palabras de significación nocional ou conceptual, costuma recollerse en obras dicionarísticas, as cales, polas finalidades que perseguen ou polo ámbito en que foron publicadas ou en que son consultadas, poden ser de varios tipos. Eis algúns deles¹⁷:

1. DICCIONARIOS DA LINGUA, en que se explica brevemente o significado das palabras dun idioma determinado, como acontece cos coñecidos comunmente como *Cumio*, *Estraviz*, *Gran Xerais*, *RAG* etc. Hai veces en que algunhas das palabras que escoitamos ou que empregamos normalmente non foron compiladas ou aparecen cunha forma diferente, sobre todo as provenientes da diversidade dialectal.

2. DICCIONARIOS ETIMOLÓXICOS, que son aqueles que conteñen información sobre a orixe das palabras dun idioma. No caso particular galego aínda non hai ningún desta índole, embora sexan coñecidos e utilizados os portugueses de José Pedro Machado e o de Antônio Geraldo da Cunha ou o de Joan Coromines para o ámbito hispánico.

3. DICCIONARIOS DE SINÓNIMOS E ANTÓNIMOS: neles relaciónanse palabras de significado similar (sinónimos) ou oposto (antónimos), para facilitar a elección

¹⁷ Para as diversas tipoloxías de dicionarios véxanse, entre outras, as obras de Lewandowski (1992: 99, s.v. *diccionario*) e Dubois & Giacomo & Guespin & C. Marcellesi & J.-B. Marcellesi & Mevel (1997: 186-189, s.v. *dicionário*).

de vocábulos en contextos precisos; é coñecido no caso galego o *Dicionario Xerais de Sinónimos* de Castro Macía (1995). Conforme veremos máis adiante, o máis común é acharmos sinónimos parciais, pois a sinonimia total é unha relación semántico-lexical escasa que mesmo é cuestionada nalgúns traballos.

4. DICCIONARIOS DE IDIOMAS OU PLURILINGÜES, que son aqueles en que se indican as palabras equivalentes en varios idiomas, como pode ser galego-inglés, galego-francés-inglés, galego-castelán, inglés-alemán; resultan especialmente adecuados para o aprendizaje ou o perfeccionamento dunha lingua foránea.

5. DICCIONARIOS ESPECIALIZADOS: son obras dedicadas a palabras ou termos que pertencen a un campo ou saber concreto, como, por exemplo, a informática, a heráldica, a construción naval, a fonética, a sociolingüística etc. Proporcionan breve información sobre o significado desas palabras. Hoxe en día hai dicionarios galegos de nomes propios, de verbos, de refráns, de fraseoloxías etc. A este respecto, tamén hai dicionarios de determinadas variedades lingüísticas que non se consideran estándares, como é o caso dos traballos sobre as variedades rexionais, as sociais, as xirias etc.

6. DICCIONARIOS GRAMATICAIS: corresponden a aqueles en que ordenan estruturas e construcións gramaticais dunha lingua particular. Xunto aos dicionarios de idiomas, son ferramentas de especial utilidade para persoas que están a aprender un idioma diferente do propio.

7. DICCIONARIOS DE FRECUENCIAS, aqueles que conteñen as palabras máis frecuentes da linguaxe coloquial en orde de maior a menor, para o cal se basean en traballos de estatística lingüística. O ensino de linguas estranxeiras, o aprendizaje da lectura en crianzas, a aprendizaxe da lingua nos niveis iniciais do ensino ou a interiorización das regras da ortografía son ámbitos en que estes dicionarios resultan de singular utilidade.

8. DICCIONARIOS DE USO PRÁCTICO: recollen normalmente acepcións nas palabras que non son adoito recoñecidas polos órganos competentes mais que

continúan a se usar na sociedade. Neles hai formas populares, rexionais ou dialectais, provenientes das xirias etc., que non son normalmente pertencentes ao léxico académico ou estandarizado, mais que coñecen uns índices de utilización dignos de nota.

9. DICCIONARIOS DE DÚBIDAS: son aqueles en que se recollen palabras e frases cuxo significado presenta certa caste de problemática canto ao uso, pois este, por diversos motivos, desvirtuouse, de forma que hai un uso popular e un outro máis formal ou académico. Estes dicionarios axudan a empregarmos os vocábulos correctos. Á diferenza dos dicionarios de uso práctico anteriores, o seu obxectivo non é daren a coñecer o emprego vulgar dunha palabra, mais advertiren deste e proporen alternativas adecuadas para fins específicos.

10. TESAURO: neles relaciónanse numerosas palabras que gardan unha relación máis ou menos directa coa palabra obxecto de consulta. Non son, pois, dicionarios de sinónimos, xa que estes últimos inclúen unicamente palabras cun significado similar e equivalente, mais son obras de relación e de vinculación semántica e lexical.

11. DICCIONARIOS EN REDE: responden ás mesmas finalidades que os anteriores e pode habelos de diversos tipos, mais muda o ámbito e o soporte en que se dan a coñecer, como é a esfera das novas tecnoloxías e a Internet. En vez dos adoito pesados volumes dos dicionarios convencionais, as consultas son moito máis doadas de se levaren á práctica por se realizaren desde un computador (na casa, no traballo, na facultade etc.). Un exemplo pode ser o *Priberam* para a lingua portuguesa.

5. AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS DE SINONIMIA E DE HIPONIMIA-HIPERONIMIA

Antes de facermos na sección 6 unhas consideracións xerais sobre o léxico desde unha perspectiva sociolingüística, tórnase preciso dedicarmos unhas palabras aos conceptos de sinonimia e hiponimia-hiperonimia, xa que a súa correcta comprensión permitirá unha asimilación máis adecuada dos aspectos que se verán na seguinte parte. Así, en primeiro lugar, enténdese por sinonimia a relación semántica existente nunha lingua en que se documentan varios significantes para un

só significado, determinados polas súas características fonolóxicas e pertencentes ás mesmas clases de palabras (nomes substantivos, nomes adxectivos, verbos etc.). Fundamentalmente poden distinguirse dous tipos¹⁸, embora haxa opinións que negan a existencia de verdadeiros sinónimos nas linguas:

1. ABSOLUTA, que é, con moito, a menos frecuente, aínda que se documenta en certas linguaxes especializadas: *ordenador ~ computador, avión ~ aeroplano* etc. A configuración do léxico galego permite falarmos na actualidade, aínda que non sen matizacións, de significantes sinónimos con certas características, en especial as da procedencia rexional ou xeográfica con étimos diferentes (*grelo ~ cimo* ou *cimón*), as da procedencia rexional ou dialectal co mesmo étimo (*amencer ~ amañecer, maceira ~ mazaira*; etc.) e as da procedencia de diferentes linguas, como o árabe e o latín (*alfaiate ~ xastre*) ou como unha lingua prerromana e o latín (*bágoa ~ lágrima*).

2. PARCIAL, que é o tipo máis frecuente. Dáse cando os significantes resultaren intercambiábeis en determinados contextos coas respectivas cargas denotativas e connotativas, mais noutros sería imposible ese intercambio, como se deixa ver nos seguintes casos: *Un médico ancián ~ Un médico vello ~ Un médico idoso* e **Un instrumento ancián ~ Un instrumento vello ~ *Un instrumento idoso*.

As condicións en que sobreviviu o idioma galego nos últimos tempos favoreceron o aparecemento de variantes lexicais ao longo e largo do territorio. Dun punto de vista cinxido estritamente á época actual, achámonos con moitos casos de palabras que, respondendo orixinariamente a variantes diatópicas, acabaron por funcionar na lingua como verdadeiros sinónimos, como *esvarar ~ esborrexer ~ escorregar, estadullo ~ fungueiro* ou *arume ~ frouma*, conforme sinala Freixeiro Mato (2006, III: 94). Igualmente, as relacións comerciais son quen, ás veces, de faceren que unha voz típica dunha rexión sexa coñecida máis alá da súa zona orixinaria, co cal tamén se potencia unha relación semántica de sinonimia. A pesca, un dos sectores estratéxicos máis relevantes para a Galiza pola importancia que ten na economía dunha grande parte da poboación, ofrece magníficos exemplos de como os

¹⁸ Véxase tamén Vilela (1994: 28), quen diferencia (i) sinonimia total e absoluta, (ii) sinonimia absoluta mais non total e (iii) sinonimia con identidade denotativa mais con diverxencia connotativa.

intercambios comerciais favorecen o uso e o coñecemento de léxico mariñeiro, nomeadamente no tocante aos nomes que reciben os peixes, os mariscos, os moluscos etc. Aínda que cada área continúa a utilizar, polo xeral, a denominación local, non están sen exemplo casos de produtos mariños que xa son coñecidos nalgúns contextos por varias denominacións posíbeis, como se observa para *parrocha ~ xouba, coruxo ~ sollo ~ escamudo ~ rodaballo negro, dentón ~ faxoa, rabada ~ peixe sapo ~ tamboril, carioca ~ pescadiña, meiga ~ rapante ~ ollón, vello ~ serrán* etc.

Por último, no marco das relacións semánticas é de interese ponderarmos as de hiponimia e de hiperonimia. A hiponimia enténdese como a relación significativa entre un termo cunha esfera semántica máis concreta (hipónimo) e unha outra máis ampla (hiperónimo). O vínculo existente é de subordinación. Así, en *nogueira, limoeiro, fatoeiro* e *árbore*, e en *chorima, margarida, rosa* e *flor* podemos falar das seguintes relacións semánticas:

1. COHIPONIMIA entre os elementos *nogueira, limoeiro* e *fatoeiro*, que son os hipónimos, con relación a *árbore*, que é o hiperónimo; do meso xeito, cohiponimia entre *chorima, margarida* e *rosa* (hipónimos) a respecto de *flor*, que é o hiperónimo.

3. HIPERONIMIA de *árbore* relativamente a *fatoeiro, limoeiro* e *nogueira*, e de *flor* a respecto de *chorima, margarida* e *rosa*.

Os hiperónimos, isto é, *árbore* e *flor*, poden ser comunmente empregues no lugar do hipónimo (*Regaloulle unhas margaridas/chorimas/rosas* → *Regaloulle unhas flores*) mais ao revés nin sempre se posibilita esa mudanza (*As chorimas nacen do toxo* ≠ *As flores nacen do toxo*; *Gosta das rosas mais detesta as margaridas* ≠ *?Gosta das flores mais detesta as flores*; etc.). Finalmente, do punto de vista da atestación da sinonimia e da hiperonimia-hiponimia, interesa salientarmos algúns aspectos:

1. En primeiro lugar, trátase de relacións semánticas que favorecen a competencia lingüística e os recursos expresivos do individuo, cando menos a sinonimia.

2. En segundo lugar, coadxuvan na axilización do texto, oral ou escrito, pois viran eficaces mecanismos de cohesión textual protagonizados polos recursos vocabulares da lingua na denominada cohesión lexical (*O golpe chegou ao galiñeiro, mais, despois de dar moitas voltas, as galiñas non se viron atacadas por ese raposo* | *O golpe chegou ao galiñeiro, mais, despois de dar moitas voltas, as galiñas non se viron atacadas por ese animal*).

3. Finalmente, as relacións de hiperonimia-hiponimia serven nalgúns casos para identificaren o referente cando alguén dos interlocutores descoñecer de que se trata (*Aquel cromorno custoulle moitos euros. Porén, o instrumento estaba en mao estado de conservación e desafinaba un pouco*).

6. CONSIDERACIÓNS (SOCIO)LINGÜÍSTICAS SOBRE OS TIPOS DE LÉXICO

O léxico dunha lingua non é uniforme, mais está suxeito a condicionantes que inciden na súa variación e, por isto mesmo, nos seus enormes recursos expresivos e estilísticos. Non é este o lugar para se facer unha análise do léxico, a ter en conta as relacións semánticas, os procesos de formación de palabras ou como se estrutura, labor para o cal remitimos a obras especializadas¹⁹. Con todo, quizais non sobren unhas reflexións de carácter sociolingüístico sobre as diferentes tipoloxías de léxico e sobre algúns xuízos de valor que se detectan no estudantado.

6.1. LÉXICO ESTANDARIZADO E LÉXICO NON ESTANDARIZADO

Comecemos, pois, polo léxico do galego común. O proceso de selección dunha forma para facer parte da variedade padrón costuma ser un traballo lento, produto en moitos casos do percurso de varios séculos e axudado por outros factores, como a súa frecuencia de uso na lingua corrente, a súa documentación nas obras literarias²⁰, a opinión ao respecto de académicos e lexicógrafos etc.; nótese como os responsábeis da planificación lingüística poden promocionar unha palabra, tamén

¹⁹ Véxanse, neste sentido, os traballos de Ullmann, S. (1967), Vilela (1994), Ferreiro (1997) ou Freixeiro Mato (2006, III).

²⁰ Repárese no caso da palabra mindoniense *golpe* que, grazas ao uso que fixeron dela autores de prestixio nados nesa parte do país, como Álvaro Cunqueiro, hoxe compórtase como equivalente da forma máis común *raposo*

inicialmente de uso local ou minoritario, para lle permitiren unha ampliación semántica e ser empregada en máis contextos á marxe do básico: as voces *derregar* e *estremar*, 'trazar os límites dun terreo', axen na actualidade como posibilidades para exprimir a noción de *apear*; e da parella *cumio* e *cume*, 'parte máis alta da casa ou dun monte', distribuídas rexionalmente polo país, preferiu adoptarse a segunda para lle proporcionar o valor de 'reunión de persoas relevantes da política ou da administración'.

Así pois, en linguas como a galega, que precisaron da construción dunha variedade estandarizada en apenas unhas décadas, o proceso, xa de seu lento, viuse acelerado polas necesidades de o idioma atinxir a escola, a administración, os servizos públicos etc. Por esta causa, hoxe fálase dun léxico estándar ou normativo, compilado adoito en dicionarios, que serve como modelo en ámbitos como o do ensino, o da administración etc.²¹

Existe, igualmente, outro léxico que normalmente non se considera estándar e que, precisamente por este motivo, non costuma figurar en obras lexicográficas. Trátase, en xeral, de variantes de formas que si son estándares (estándar *cociña* / popular *cuciña*; est. *dereito* / pop. *dreito*; est. *pedir* / pop. *pidir*; etc.), de palabras dun uso moi localizado social ou xeograficamente (*escambar*, 'andar coas pernas tortas', 'ter as pernas tortas'; *morrón/a*, 'rapaz, rapariga'; *trigoso/a*, 'impaciente') etc. Este léxico, porén, ten a mesma dignidade que o outro e debe non só continuar a ser utilizado sempre que posíbel, mais tamén ser recollido para garantir esa utilización no futuro. Todas as linguas están ou estiveron nunha situación parecida á da galega, aínda que moitas delas non conseguiron compilar todo ese manancial lexical; sería unha mágoa, pois, que o galego perdesse a posibilidade de impedir o desaparecemento

²¹ Segundo expuxemos noutro traballo (Sánchez Rei 2009: 109), unha vez que se constata a existencia dun estándar ou de algo con esa función, tamén se verifica como comezan a cobrar sentido algunhas nocións, carentes, até a ese momento, das mesmas implicacións semánticas. Así, non está de máis insistirmos no perigoso que pode resultar aplicarmos rixidamente conceptos como *dialectal*, *popular*, *local* etc. en épocas en que non existía esa variedade común, como no século XIX. As nosas escritoras e os nosos escritores clásicos dese século non debían de pensar que estaban a empregar rexionalismos, localismos ou popularismos cando utilizaban trazos lingüísticos típicos da súa zona, porque para eles o *dialectal* era o que non coñecían de primeira man, como tamén é dubidoso que identificasen como *popular* algo que o non fose, nun sentido amplo e digno do adxectivo *popular*, xa que o galego era basicamente *popular* ao ser falado polo pobo e ao non existiren elites cultas que o empregasen decote na súa vida diaria.

desas palabras. As actividades propostas máis adiante servirán, en certa medida, para que o alumnado se implique neses labores.

Dado que, como se viu anteriormente, a compoñente lexical da lingua non se organiza en repertorios fechados ou en paradigmas de formas, posúe de seu unhas características que tamén repercuten na súa dimensión diatópica, e unha desas consecuencias consiste en que se trata dun ámbito en que a constatación dos fenómenos dialectais non resulta tan sistemática como noutras esferas de descrición lingüística, mais trátase dunha situación marcada máis ben pola súa incidentalidade. No entanto, a variación lexical de carácter local convértese nunha ferramenta poderosa para proporcionar a noción de diversidade e de recursos vocabulares, especialmente entre variantes lexicais relativamente próximas. Nesta liña, convén subliñarmos que xustamente esa idea de diversidade está relacionada coa percepción popular do variacionismo lexical, pois resulta moito máis evidente para as persoas usuarias da lingua do que outros tipos de dialectalismo; talvez non se perciba con total nitidez o grao de enordecemento de certas vogais átonas nalgunhas variedades, mais decatáramonos, posibelmente desde o primeiro momento, se nas localidades próximas se empregaren voces como *vagalume*, *lucecú*, *luciña*, *bicho da luz* etc. ou se o uso escoller vocábulos do tipo *becerro*, *cuxo* ou *cucho*, *xato* etc.

Desde unha perspectiva actual, todos os casos de variacionismo lexical tenden a ser considerados como unha riqueza vocabular do idioma, especialmente na expresión literaria. Así, e con independencia de que só unhas determinadas palabras van ser promocionadas para a variedade padrón, a presenza de léxico dialectal en textos literarios contribúe para a recursividade lexical do galego literario e común²², ao paso que se singulariza como unha poderosa ferramenta estilístico-expresiva da lingua, caracterizador de linguaxes literarias e de escritas de autores e autoras diferentes. A través das actividades propostas, o alumnado deberá saber ponderar toda esa riqueza vocabular da lingua, contribuír para o seu coñecemento e evitar así que as unidades vocabulares que se van compilar fiquen no esquecemento.

²² Neste sentido, hai traballos lexicográficos, como o de Castro Macía (1995), que, a se centraren nas correspondencias sinonímicas das unidades lematizadas, responden, nalgúns casos, á promoción de variantes inicialmente rexionais, o cal contribúe poderosamente para as capacidades estilísticas e expresivas da lingua: o verbo *chorar* é acompañado de voces cal *bagoar*, *bagullar*, *carpir*, *engradar*, *esbagoar*, *esbagullar*, *grallar*, *lagrimexar*, *pingar o moco*, *salaiar*, *saloucar* *suspirar* e *xemer*.

Por último, existe o preconceito de que o léxico do galego estándar está a mudar continuamente, o cal non é máis do que unha exaxerada afirmación derivada dunha visión opaca do proceso de fixación normativa. As *Normas* oficiais vigorantes para o galego, após a revisión de 2003 (RAG & ILG 2003), recollen unhas poucas solucións ortográficas e/ou morfolóxicas que antes eran consideradas á marxe do padrón, como as aglutinacións *devagar, devagariño* etc., a redución obrigatoria dos grupos cultos *-cc-* e *-ct-* cando foren seguidos de vogal *i* ou *u* (*producción, produto, ditado* etc.), as terminacións tradicionais *-zo, -za, -anza, -enza* (en palabras como *espazo, Galiza, presenza* etc.), léxico como *estudo, ficar, vogal* etc., mais trátase dunhas mínimas alteracións que en nada afectan o léxico da lingua galega. Hai outras linguas que posibilitan varias hipóteses gráficas ou morfolóxicas, algunhas recollidas na variedade estándar (cfr. *I am not a student / I'm not a student; We are, We am, We be, We bin* ou *Us be*)²³, e ninguén parece protestar nesta liña; na Europa occidental tamén houbo varios idiomas que en moi pouco coñeceron diversas reformas normativas e tampouco ninguén puxo en cuestión a súa validez para seren instrumentos de comunicación e de interacción social²⁴. Que toda esa carga negativa se dirixa cara ao galego e non cara a outros idiomas parte da combinación do descoñecemento do que son as linguas e da desinformación a respecto doutras realidades lingüísticas e culturais coa carga preconceituosa existente sobre o propio idioma.

6.2. SIGNIFICADOS COMÚNS E SIGNIFICADOS MINORITARIOS

Máis un tipo de variantes con que pode traballar o alumnado é o que nos vén dado pola mudanza significativa, isto é, por aqueles casos en que, empregándose a mesma palabra, coñece significados distintos dependendo das rexións. A proximidade entre estas variantes e as anteriores, as lexicais, é certamente notoria, e mesmo hai autores que case as perciben como unha única modalidade. Aínda a coñecermos a evidente proximidade entre ambas, porén non sobra promovermos estas últimas como un tipo especial ou distinto, pois existen diferenzas significativas entre algúns mesmos vocábulos na propia Galiza.

²³ Os exemplos do inglés están baseados nos sinalados en Trudgill (1994: 22) e en Upton & Widdowson (2006: 76-77).

²⁴ É interesante o que sinala Calvet (1998: 102) neste sentido, que salienta que nas modificacións ortográficas levadas a cabo na Noruega ao longo do século XX o parlamento decidiu sucesivas reformas (1907, 1913, 1916, 1923, 1934, 1936, 1938, 1941 etc.).

Varias son as mostras que se poderían citar aquí. Entre os exemplos máis representativos resulta coñecido o que acontece con *mirar*: aproximadamente na metade occidental da actual provincia de Pontevedra o verbo fíxose cos valores de *ver*, feito que implica que este non se utilice e que supón, ao mesmo tempo, unha ampliación semántica inusual no resto do territorio. E máis esporádico resulta o emprego de *xurdir* cuns valores próximos de *fluxir*, *afastar* ou *arredar*, nomeadamente se utilizado no imperativo, tal e como o escoitamos na comarca de Melide: segundo podemos constatar, unha cláusula cal *Xurde de aí!* pode equivaler a *Fuxe de aí!*, *Afasta de aí!* etc.

Distintas repercusións territoriais ten o par *filloa* e *freixó*, que permite facermos algúns comentarios, aínda que teñamos de ser algo imprecisos na localización xeográfica de tales usos: na área mindoniense denomínase habitualmente *freixó*, *feixó* ou *fereixó* o prato típico do Entroido coñecido noutras partes como *filloa*, ao paso que nesa rexión setentrional ás veces é utilizado este último para se referir a unha especie de torta máis grosa e, por veces, con algún tipo de carne; non faltan exemplos, igualmente, de *freixó* utilizado en vez de *filloa* e de *filloa* empregado para aquel produto gastronómico entre cuxos ingredientes figura o sangue do porco; nalgunhas áreas do centro do país, como Sobrado dos Monxes, *freixó* é usado en ocasións para esa torta de maiores dimensións (inclusive con algunha carne) e *filloa* utilizada para a lámina máis estreita; e na comarca do Xallas, por seu turno, podemos comprobar como *filloa* é a denominación común e como *torta de rixas* é a que pode ser tida como equivalente á torta máis grosa, coñecida noutras áreas, ao fío do visto, polo nome de *freixó*.

O derradeiro caso que imos citar é o participado polos verbos *cheirar* e *ulir*: nas zonas en que se utiliza *ulir* como verbo non marcado, isto é, fundamentalmente nas provincias actuais da Coruña e de Lugo, ben como no extremo norte da de Pontevedra, *cheirar* implica sensacións olfativas identificadas pola súa negatividade; polo contrario, nas comarcas en que só se emprega *cheirar*, no elemental o galego pontevedrés e o ourensán, o tal verbo precisa con frecuencia de ir acompañado de adverbios como *ben* ou *mal*. Outros verbos que ocorren semanticamente próximos destes son *arrecender* ou *recender* ('cheirar ben') e *feder* ('cheirar mal'), tamén suxeitos a distribución xeográfica: *feder* aparece nas partes do país en que *cheirar* é a forma normal, ao paso que *arrecender* ou *recender* se documenta na maior parte da Galiza excepto nas comarcas meridionais.

6.3. LÉXICO CULTO E LÉXICO POPULAR

As linguas coñecen diversos rexistros de uso, en que os utentes do idioma, dependendo do contexto de utilización, o empregan de modos nin sempre coincidentes. Así, por exemplo, verbos como *espichar*, *falecer*, *finar* ou *morrer*, todos significando 'deixar de vivir', non son intercambiábeis en calquera contexto nin perante todas as audiencias, xa que os dous primeiros son utilizados en rexistros máis ou menos formais, o terceiro posúe unha connotación moito máis neutra (consecuentemente é capaz de ser usado tanto en rexistros formais canto en informais) e o cuarto só se detecta en estilos marcadamente populares ou familiares. Estaríamos, pois, perante casos de sinonimia parcial; compárense, neste sentido, as seguintes cláusulas: *A reitora faleceu onte* ~ *A reitora morreu onte* ~ ?*A cadela faleceu onte*; o verbo *morrer* adáptase sen problemas nas dúas primeiras construcións, en canto *falecer*, na derradeira, non parece ser completamente adecuado.

O galego debe ser capaz, como outras linguas europeas, de manter un rexistro culto, caracterizado, entre outras cousas, polo emprego dun léxico máis restrito e por uns contextos tamén máis particularizados. E tamén ten de ser quen de favorecer a súa expresividade popular e coloquial ao manter outros rexistros máis coloquiais, igualmente identificados por un tipo de léxico particular. O que nunca se debe facer é pensar que todo o léxico galego debe corresponder univocamente ao galego popular nin que o idioma ten de renunciar a un léxico apto para todo o tipo de situacións e contextos comunicativos²⁵.

Ás veces abrocha neste punto un outro preconceito que convén erradicar. Consiste en pensar que o verdadeiro léxico do galego é aquel de fasquía popular ou coloquial, mais non aqueloutro de procedencia culta e de uso en ámbitos científicos máis restritos. Deste modo, hai xente que opina que palabras como por exemplo *agro*, *corredoira*, *ferreiro*, *gramalleira*, *lerchán*, *pillabán*, *matapiollos* etc. son máis galegas que unidades cal *átomo*, *fulxente*, *hidróxeno*, *níveo*, *penitencia*, *provecto* etc., o cal é totalmente falso: tan galegas son as primeiras como as segundas, mais o que

²⁵ Notemos que xa en pleno Rexurdimento, Saco Arce arremetía no ano 1876 contra unha utilización abusiva de trazos de marcado sabor popular no galego literario e promulgaba a recorrencia ás linguas clásicas para enriquecer a modalidade culta (Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei 2005: 660, 729).

acontece é que aquelas son máis empregadas popularmente nunha gama maior de contextos, ao paso que estas son utilizadas en ámbitos profesionais ou artísticos moito máis restritos. Xa en finais do século XIX o gramático Saco Arce criticaba que algúns autores, para dotaren a súa expresión literaria dunhas maiores doses de galegidade, abusasen de palabras e de expresións populares ou coloquiais e non tivesen en conta as linguas clásicas para a anovación lexical.

Todos os idiomas precisa(ron) de renovaren o seu léxico de acordo coas necesidades histórico-culturais da cada momento e trátase dunha actividade que se leva a cabo adoito no marco da *planificación lingüística* (Wardhaugh 1992: 392) e, máis concretamente, na *planificación do corpus*, que se pode entender como o conxunto de medidas destinadas a desenvolveren unha lingua co obxectivo de a normalizar internamente e de a estandarizar, isto é, de lle proporcionar unha codificación ortográfica, unha pronuncia padrón, unhas regras morfosintácticas e, de certo, uns recursos lexicais adecuados para a tornaren vehículo válido na sociedade actual²⁶. Neste sentido, algúns dos mecanismos de que se serve a nosa lingua para a súa ampliación lexical no ámbito culto son, basicamente, os seguintes:

1. A RECORRENCIA AO GALEGO-PORTUGUÉS MEDIEVAL como fonte para a recuperación de léxico en perigo ou pouco empregado actualmente: palabras tan usuais nos nosos días como *concello*, *deus*, *doador de sangue*, *Galiza*, *galego*, *segunda feira*, *terza feira*, *cuarta feira* etc. foron recuperadas desde a lingua medieval, nalgúns casos para suplantaren as formas españolizadas (*concello* por **axuntamento*, poñamos por caso) e noutros para dotaren a

²⁶ Por súa vez, a outra tipoloxía de actuación, a *planificación do status*, pretende modificar as funcións dunha lingua e os dereitos daquelas persoas que a falaren, segundo expón Wardhaugh (1992: 392), de modo que se unha nai e un pai non tivesen ocasión de educaren os seus fillos ou fillas nesa lingua, esta carecería de status, en canto que se unha lei conceder a ese idioma o papel de oficial estaría xustamente a llo proporcionar. En xeral, as mudanzas de status son procesos singularmente lentos, pois tratan de inverter situacións de desprestixio e preconceptos lingüísticos enformados ao longo dos séculos e acumulados xeracións tras xeracións. Convén notarmos que unha mesma lingua é capaz de posuír máis dun status se for falada em diversos países: o catalán, por exemplo, é recoñecido para todo o tipo de funcións na Cataluña, mais é apenas lingua oral (non recoñecida como tal nin promocionada) nas zonas do sur da Franza onde é falado. O proceso contrario á planificación do status é aquel en que a lingua é prohibida, como aconteceu co gaélico escocés no ano 1745. E estadios intermediarios son aqueles en que a lingua non fica explicitamente proscrita mais tampouco ninguén se preocupa por a promocionar (as autoridades permiten aos seus utentes que a empreguen nalgúns casos mais sen que posúan dereitos lingüísticos).

lingua dunha maior riqueza vocabular acorde coa súa tradición lingüística (*segunda feira* por *luns*, por exemplo).

2. O RECURSO AO PORTUGUÉS para a amplicación de novas esferas semántico-lexicais: é o caso de vocábulos como *aquecedor de gas*, *berma*, *carimbo*, *orzamento*, *pasadeira*, *xiria*, *xuri* etc.; outras palabras proveñen, no entanto, de linguas diferentes, como *clan* e *dolmen* (do bretón), *fútbol* (do inglés), *puré* (do francés) etc.). Interesa ponderarmos aquí, con todo, que as unidades lexicais tomadas do portugués non constitúen de seu estranxeirismos como as provenientes doutras linguas, pois o portugués e o galego pertencen ao mesmo sistema lingüístico: estariamos diante de empréstimos interiores (como os propios da lingua medieval), face a empréstimos exteriores (os procedentes de idiomas diferentes: catalán, francés, inglés etc.).

3. A RECORRENCIA Á CREACIÓN DE NOVAS PALABRAS mediante os diferentes procesos de formación de palabras existentes na lingua, conforme se documenta en casos como *beirarrúa*, *limpabotas*, *motel*, *radar*, *quitamedos*, *televisión* etc.

4. O RECURSO Á DIVERSIDADE DIALECTAL con especialización semántica dalgunha unidade vocabular, o que constitúe máis un exemplo de empréstimos interiores: *derrega* e *derregar*, *cume* / *cumio* etc. Neste caso particular e tamén no anterior, segundo o noso punto de vista, debería primar a recorrencia ao portugués, que xa tivo que pasar por ese mesmo proceso no pasado, e condensar esforzos noutros aspectos da lingua; ou, cando menos, podería darse a dupla posibilidade de empregar en igualdade de condicións a forma do estándar lusitano e a nova proposta vocabular (*paseo* e *beirarrúa*, *berma* e *beiravía*, *romeno* e *romanés* etc.).

6.4. LÉXICO DE GRANDE ESFERA SEMÁNTICA E LÉXICO DE ESFERA SEMÁNTICA REDUCIDA

Por outra parte, xa se viu anteriormente que os hiperónimos a respecto dos hipónimos posúen unhas relacións semánticas articuladas á volta dunha notoria amplitude semántica (nos hiperónimos) e dun uso máis restrito (nos hipónimos). Así, hai palabras que poden ser utilizadas nunha gama de contextos singularmente

ampla, aínda que o seu abuso conduce, non raro, cara á pobreza no uso da lingua. E tamén hai unidades vocabulares que, en confronto, só poden ser empregadas nunhas situacións moito máis precisas e que non costuman atestarse fóra deses ámbitos. Como exemplo das primeiras, pénsese no verbo *facer* e nas súas posibilidades de uso: *facer a cea, facer a compra, facer as camas, facer o exame, facer o xantar, facer unha viaxe* etc.; como mostra das segundas, repárese en palabras como *encefalograma, magnetófono, radiovascular* etc., que rara vez sobrepasan un número de contextos certamente reducido.

No galego hai un verbo que destaca polas súas altas posibilidades de utilización, como é *aquelear*. Emprégase frecuentemente en rexistros populares e coloquiais, de tal modo que o seu uso fóra destas esferas non se considera adecuado. Tamén non se considera acaído un emprego abusivo del, pois empobrece os recursos expresivos do individuo e dana a variedade vocabular. A súa esfera semántica é tan ampla que mesmo pode aparecer en contextos contraditorios, conforme se verifica nos seguintes dous exemplos: *A serra está **aquelada** e non serve para a madeira* (= *A serra está **derramada** e non serve para a madeira*), *A serra xa está **aquelada** e xa a podemos utilizar para a madeira* (= *A serra xa está **arranxada** e xa a podemos utilizar para a madeira*). Vexamos algunhas mostras de uso coas algunhas alternativas, que non teñen necesariamente de ser estas as únicas:

aquelear os cabelos	pentear os cabelos
aquelear o prato	aproximar o prato
aquelear as patacas	cociñar as patacas
aquelear o cuarto	ordenar o cuarto, arrumar o cuarto
aquelear as camas	facen as camas
aquelear uns petiscos	preparar uns petiscos
aquelear o tellado	reparar o tellado
aquelear os problemas	solucionar os problemas
aquelear os libros	colocar os libros
aquelear as flores	regar as flores
aquelear as camisas	pasar o ferro ás camisas
aquelear os rapaces	lavar os rapaces, vestir os rapaces
aquelear a mesa	colocar a mesa, dispor a mesa, limpar a mesa
aquelearse	asearse
aquelear a louza	lavar a louza
aquelear un guiso	cociñar un guiso

Deixando de lado as posibilidades expresivas do verbo *aquelar*, como as linguas son organismos vivos, tamén pode acontecer que unha palabra inicialmente empregada nunhas situacións concretas coñeza, a través de diferentes procesos de ampliación semántica, novos ámbitos de uso e unha caracterización significativa máis ampla. O verbo *espallar* en orixe significaba 'estender a palla' nos labores agrícolas, mais na actualidade máis cousas poden *espallarse* e non teñen necesariamente de ser a palla: *espallarse unha doenza*, *espallar unha ideoloxía*, *espallar un rumor* etc. E a palabra *cerne* ou *cerna*, que orixinariamente se usaba para a 'parte central da madeira', pasou a se utilizar como equivalente á 'esencia íntima de algo ou alguén' e agora pode escoitarse falar da *cerna da cultura galega* ou do *cerne do pensamento de Castelao*²⁷. Por súa vez, o nome substantivo *penalti*, proveniente do inglés *penalty* ('sanción'), era usado no ámbito deportivo, e nomeadamente no do fútbol, para designar os tiros á portaría causados por unha falta practicada contra un xogador, mais hoxe existe a expresión coloquial *casar de penalti*, que fai referencia ao casamento forzoso cunha muller ao esta ficar grávida sen contraer matrimonio.

En definitiva, todos estes casos e aínda outros que se poderían expor corroboran a enorme vitalidade que presenta o léxico do idioma canto ás súas posibilidades de ampliación semántica e canto á subsecuente adquisición de novas esfera de uso.

6.5. MUDANZAS NO LÉXICO DESDE A PERSPECTIVA DA IDADE

As crianzas, por seu turno, posúen características que as distinguen con certa clareza da xente considerada adulta, e tanto unhas como outras posúen trazos lingüísticos que as afastan das faixas etáreas intermdiarías. Deste xeito, un dos tipos de variacionismo que se constata nas linguas é aquel que se basea na mudanza lingüística xeracional, isto é, aquel que ten moito en conta as diferenzas dos falares da mocidade cos da xente idosa. Con todo, non sería até á década de 90 do pasado século que os modos de falar da xente nova non foron considerados como paradigmas de variación lingüística e tamén non sería até tempos recentes que todo ese conxunto de variedades, demarcadas pola pouca idade dos utentes, sería percibido de maneiras ben diferentes, nomeadamente o caso das protagonizadas

²⁷ Convén notarmos que moitas destas palabras comezaron xa no século XIX o seu proceso de acrecentamento de novos valores e matices semáticos, segundo se recolle en Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei (2005: 741-750).

polo léxico, as cales chegaron mesmo a seren obxecto de rexistro lexicográfico en dicionarios da lingua padrón de certos idiomas.

Na verdade, a análise do factor *idade* como motivación da mudanza leva tido tres orientacións fundamentais: unha explica que a adquisición da lingua por parte da crianza comeza coa aprendizaxe da gramática básica (0-4 anos), continúa a través da interacción con outras crianzas (5-12 anos) e chega aos primeiros tempos da adolescencia (14-15 anos) coa sensibilización cara á significación social da lingua. Unha outra perspectiva é a da dialectoloxía de corte máis ou menos tradicional, que se ocupa de examinar as marcas lingüísticas interxeracionais para proporcionar información sobre a evolución da mudanza. E máis unha posibilidade é a desenvolvida por psicólogos sociais e psicolingüistas, que orientan as súas pesquisas cara aos estereótipos asociados á idade e cara á comprobación de se as alteracións na linguaxe, conforme avanzar o tempo, son capaces de seren estudadas en termos de redución de competencias (na liña dos procesos de gradual degradación física e psíquica das persoas) ou de se, polo contrario, non se poden percibir desde este punto de vista.

Así pois, dando por asentes e estudados os esquemas de diferenciación xeracional²⁸, constataríanse diversas variábeis lingüísticas cunhas realizacións nin sempre coincidentes, as cales dependerían da idade dos utentes. O ámbito lexical permite constatar a existencia de palabras como *baño*, *aseo* ou *escusado*, que, de acordo coa opinión de Calvet (1998: 68), serían detectados particularmente na mocidade (a primeira), nos seus pais e nas súas nais (a segunda) e na xente vella (a terceira delas). As seguintes palabras ou expresións, por súa vez, áchanse nunha situación similar: as primeiras, nalgúns casos procedentes do español ou con esta lingua como intermediaria, atéstanse maioritariamente entre a xente nova e as segundas entre

²⁸ O estudo das variedades lingüísticas de carácter xeracional está relacionado co que Hudson (1981: 26) ou Wardhaugh (1992: 227) denominan como *age-grading*, que se define como a existencia de formas lingüísticas empregadas unicamente por crianzas e que se transmite dunha xeración de nenos e de nenas á seguinte, sen que nunca (ou rara vez) sexan empregadas por persoas adultas. Se un grupo de escolinos empregar **dici*, **sabo*, **quereu* ou **traeches* cando estiver a aprender a lingua, en vez de *dixen*, *sei*, *quixo* ou *trouxeches*, que son as que normalmente utiliza a xente adulta, existe a posibilidade de podermos extraer interesantes impresións sobre como son inicialmente interiorizados os paradigmas morfolóxicos dos verbos irregulares e sobre como, co paso do tempo, van sendo preteridos en favor dos modelos considerados válidos pola comunidade de falantes.

persoas de idade máis avanzada: *birra* (e *garimba*) ~ *cervexa*, *colega* ~ *amigo/a* (ou *compañeiro/a*), *entrarlle a unha persoa* ~ *pedir para saír a alguén*, *estar ao loro* ~ *estar ao tanto*, *estar en pelotas* ~ *estar espido/a*, *gallumbo* ~ *calzón*, *gambear* ~ *andar* (e *ir a gambas* ~ *ir a andar*), *guai* ~ *ben* (ou *estupendo/a*), *ir de copas* ~ *ir de troula*, *ir de cu* (ou *ir de lado*) ~ *ir mal*, *ir ou estar posto/a* ~ *ir ou estar bébedo/a*, *ligar* ~ *mocear* (ou *ir ás mozas*) *mogollón* ~ *moito*, *molar* ~ *gostar*, *ser un 'crack'* ~ *ser un fenómeno*, *peta* ~ *porro*, *pirarse* (ou *abrirse*) ~ *irse* etc.

A aprendizaxe da esfera semántica e das clases de palabras que se interiorizan nos primeiros anos de vida é outro asunto que tamén ten levantado interese. No estudo de Forján Villar & García López & Pérez Pereira (1995), desenvolvido con crianzas socializadas e educadas en ambiente galegofalante desde o aparecemento da primeira palabra até que o repertorio lexical abranxeu a cifra de 50 elementos, puido constatarase como as unidades de carácter nominal predominaban sobre outras posibilidades, e que, dentro daquelas, as palabras máis atestadas eran os termos que facían referencia aos alimentos, aos animais, ás partes do corpo e aos vehículos. Igualmente, após o confronto dos datos obtidos, tamén se verificou como no proceso de aprendizaxe da lingua desde as primeiras palabras até ao número 50 se producira un aumento de unidades nominais de tipo xeral sobre as de carácter específico, isto é, de nomes comúns en detrimento de nomes propios.

A cruzarmos os momentos iniciais de asimilación da lingua con outras variábeis, como o sexo ou a adscrición socioeconómica da familia, tamén se puideron diferenciar dous tipos de alumnado no tocante á clase de léxico que utiliza normalmente: as crianzas referenciais e as expresivas. O estudo citado distingue as primeiras polo predominio de palabras clasificábeis dentro dos substantivos, adxectivos e verbos, ao paso que caracteriza as segundas por unha maior variedade de costumes sociais que expresan mediante frases feitas e por un maior uso de palabras de sentido xeral, como os pronomes. As nenas e os nenos cunha linguaxe do primeiro tipo, as referenciais, costumaban vivir, segundo eses estudos, en familias pertencentes a camadas socioeconómicas máis favorecidas que as da segunda tipoloxía, cuxas familias adoitan localizarse socialmente nunhas camadas consideradas tradicionalmente de menos bagaxe cultural e de menos recursos económicos.

6.6. MUDANZAS NO LÉXICO DESDE A PERSPECTIVA DO XÉNERO

Finalmente, unha das diferenzas sen dúbida máis relevantes entre os seres humanos é aquela que os distingue entre homes e mulleres, e tal distinción, como resulta lóxico, tiña de ter tamén as súas consecuencias no uso da lingua e, por extensión, nas características do léxico. As mulleres e os homes, como tendencia, costuman presentar trazos lingüísticos non totalmente coincidentes, o que se fai aínda máis acusado en determinadas sociedades, en que se pode dar a circunstancia mesmo de seren empregadas variedades diferentes dependendo do sexo das persoas.

A respecto do léxico, hai estudos en que se afirma que é no plano lexical onde máis diverxe a fala dos homes e a das mulleres, pois é común o sentimento popular de determinadas palabras se situaren mellor na boca dun home que na dunha muller. Outros traballos sosteñen que a existencia de *sexolectos* ou *xenerolectos* responde a un universal lingüístico, xa que todas as comunidades de fala presentan diferenzas na utilización que mulleres e varóns fan do sistema de comunicación verbal e mesmo non verbal. Así, en primeiro lugar, é digna de nota unha menor atestación nas mulleres, como norma xeral, de palabróns e de vocábulos considerados socialmente pouco elegantes, pois repróbese nas alumnas o emprego de palabras inadecuadas, calquera que for o seu grao de inaceptación social. En segundo lugar, parece detectarse unha maior frecuencia de encurtamentos lexicais (*cerve* < *cervexa*, *cole* < *colexio*, *depre* < *depresión* ou *deprimido/a*, *désper* < *despertador*, *facu* ou *facul* < *facultade*, *porfa!* < *por favor!*, *insti* < *instituto*, *profe* < *profesor* ou *profesora*, *seño* < *señorita*, *vacas* < *vacacións* etc.) e de morfemas diminutivo-apreciativos, como o caso do uso de *-iño/-iña*, de forma que se pode afirmar que a fala das mulleres conta cun léxico propio, ausente normalmente do discurso masculino, seguindo aquí o exposto en Moure (2010: 154): exemplos son os protagonizados por palabras do tipo *curriño*, *chuscurriño*, *churriño*, *churrusqueiriño*, *feitiño* (como sinónimo de *bonito*), *riquiño* etc. E en terceiro lugar, paga a pena tamén referírmonos á utilización dun léxico de carácter máis abstracto, circunstancia a que habería que engadir como o vocabulario feminino é máis amplo que o dos homes²⁹.

²⁹ Finalmente, tamén non están sen exemplo determinadas preferencias sintácticas no ámbito clausal, sobre as cales se ten proxectado recentemente algún tipo de adscrición á linguaxe masculina ou á feminina; así as cousas, Moure (2010: 153-154) percibe que o uso de circunloquios e de preguntas resulta ser máis habitual entre nenas (*Por que non xogamos ás agachadas?*) do que entre nenos (*Imos xogar ás agachadas!*) nos patios dos liceos.

Obviamente, estes apuntamentos que se atestan no galego, embora verifiquen certa sorte de diferenciación na linguaxe feminina e masculina, non adquiren as proporcións que se dan noutros sistemas lingüísticos, en que o grao de diferenciación é moito maior. Mais, de calquera modo, serven para ilustraren, de novo, a enorme vitalidade da compoñente lexical do idioma e a súa capacidade de adaptación a contextos de uso diferentes, agora marcados pola variábel do xénero ou sexo.

7. CONCLUSIÓNS

As linguas son eficaces mecanismos para a interacción humana e para a expresión de ideas e pensamentos. Da súa descrición científica ocúpase a gramática, enformada por diferentes disciplinas. No marco dos estudos gramaticais sobresa a unidade coñecida como palabra, susceptíbel de se abordar desde varias desas disciplinas. Do punto de vista semántico-lexical, vén sendo costume distinguirmos entre palabras lexicais (posuidoras dun significado nocional ou conceptual) e palabras gramaticais (dotadas de significación gramatical). O léxico dunha lingua está organizado en repertorios abertos, en claro confronto cos pronomes ou coas preposicións, que se estruturan en paradigmas fechados. É por este motivo que moitas das palabras lexicais do galego, como as de todas as linguas, están entrando e saíndo deses repertorios, e é tamén por esa causa que algunhas delas puideren non ser coñecidas para todas as persoas, como de resto tamén acontece cos demais idiomas.


Unha lingua cunha grande riqueza lexical é unha lingua con maiores recursos expresivos e estilísticos que outra cun fondo lexical menor. Por isto, o léxico do galego, que xa de seu conta cunha sorprendente riqueza vocabular, debe ser debidamente compilado e estudado, pois así contribuiremos para o dotarmos de máis posibilidades expresivas. Isto non deber ser óbice, no entanto, para renunciarmos a un léxico estandarizado que, cada vez máis, nos aproxime do portugués, e tamén non ten de ser impedimento para dispormos dun léxico culto e dun outro máis popular, como de feito acontece noutros idiomas.

Debido ás circunstancias históricas en que sobreviviu a lingua, resultou necesario proporcionarlle, no momento en que foi politicamente posíbel, unhas indicacións normativas de carácter ortográfico, morfosintáctico e semántico-lexical. Isto é o que explica que algunhas palabras poidan presentar algún tipo de alteracións mínimas ao avanzar o proceso de estandarización ou que, conforme se desenvolver ese proceso, certos vocábulos vaian cedendo protagonismo na utilización a outros máis adecuados. Esa situación, que se dá tamén en todas as linguas, verifica positivamente como os idiomas son mecanismos vivos ao servizo do ser humano, e tamén corrobora como o uso lingüístico vai mudando co tempo, suxeito a diversos tipos de variábeis, como a idade, o rexistro, o sexo das persoas etc.

8. BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Álvarez, R. & Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Calvet, L.-J. (1998): *A (Socio)lingüística* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Castro Macía, L. (1995): *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios* (Vigo: Xerais).
- Dubois, J. & Giacomo, M. & Guespin, L. & Marcellesi, C. & Marcellesi, J.-B. & Mevel, J.-P. (1997): *Dicionário de Lingüística* (São Paulo: Cultrix).
- Faria, I. Hub & Pedro, E. Ribeiro & Duarte, I. & Gouveia, C. A. M. (1996): "Introdução", en Faria, I. Hub & Pedro, E. Ribeiro & Duarte, I. & Gouveia, C. A. M. (orgs.): *Introdução à Linguística Geral e Portuguesa*: 11-23 (Lisboa: Caminho).
- Forján Villar, M. & García López, S. & Pérez Pereira, M. (1995): "Análise do primeiro léxico producido por nenos galegos", *Cadernos de Lingua* 12: 83-101.
- Freixeiro Mato, X. R. & Sánchez Rei, X. M. & Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2000, 1999]: *Gramática da lingua galega*. Volume II: *Morfosintaxe*. Volume III: *Semántica* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).
- García Negro, M. P. & Costa Casas, X. (1995): *O ensino da Língua: por un cambio de rumbo. Introducción teórica e unidades didácticas* (A Coruña: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).
- González Refoxo, M. A. & Rábade Castiñeira, X. C. (1995): *E non chegou a ser palabra... Afixos léxicos. Sufixación e prefixación lexical* (A Coruña: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).
- Hudson, R. A. (1981): *La Sociolingüística* (Barcelona: Anagrama).
- Lewandowski, T. (1992): *Diccionario de Lingüística* (Madrid: Cátedra).
- Mateus, M. H. Mira *et aliae* (2002): *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Caminho).
- Moure, T. (2010): "Falarmos galego as mulleres, por que non?", en Mosquera Carregal, X. (ed.), *VI Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Xénero*: 147-169 (A Coruña: Universidade da Coruña).
- RAG & ILG [Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega] (2003) [1982]: *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Sánchez Rei, X. M. (2009): "Ás voltas co significado da estandarización", en García Negro, M. P. (ed.), *Sobre o racismo lingüístico*: 95-121 (Bertamirás-Ames: Laiovento).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- Trudgill, P. (1994): *Dialects* (London / New York: Routledge).
- Tuson, J. (1995): *Mal de linguas* (Santiago de Compostela: Edicións Positivas).
- Ullman, S. (1967): *Semântica. Uma Introdução à Ciência do Significado* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).
- Upton, C. & Widdowson, J. D. A. (2006) [1996]: *An Atlas of English Dialects* (London / New York: Routledge).
- Vilela, M. (1994): *Estudos de Lexicologia do Português* (Coimbra: Livraria Almedina).

Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).



C. ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. INTRODUCCIÓN

As actividades que se recollen nesta sección non pretenden ser nin únicas nin fortemente ríxidas do punto de vista do traballo nas aulas. Tampouco están pensadas como os tradicionais exercicios que costuman figurar en certos libros específicos destinados a tal fin, os cales, mesmo a desempeñaren un importante labor no marco do ensino e aprendizaxe da lingua, están orientados por outras motivacións. A proposta de prácticas aquí recollida asenta fundamentalmente nos principios epistemolóxicos da propia UD. Como é normal, o profesor ou a profesora decidirá cales resultan máis acaídas que outras, de ser o caso, e tamén poderá modificar os aspectos que considerar convenientes dos exercicios que se sinalan nestas páxinas.

2. CARÁCTER INDIVIDUAL E CARÁCTER COLECTIVO

Canto á organización do número de alumnos ou de alumnas para a realización das actividades, as máis delas deben desenvolverse preferencialmente de xeito individual, aínda que algunha pode realizarse en grupos de dúas ou tres persoas como máximo. Nas actividades de posta en común a organización, obviamente, terá de se perspectivar en grupo. De calquera xeito, máis nunha ocasión, corresponde á profesora ou ao profesor decidir en que caso a opción individual o a colectiva puiden ser máis satisfactoria.

3. TEMPORALIZACIÓN

Finalmente, no referente á temporalización, e como de seguro haberá diversos condicionantes que repercutan no ritmo do desenvolvemento (dispoñibilidade horaria, motivacións individuais, niveis de formación etc.), resulta difícil marcarmos un tempo de realización concreto. Haberá exercicios que demandarán unha dedicación máis demorada, sobre os cales pouco se pode sinalar,

como pode ser a compilación de palabras e acepcións, e outros que se farán en menos tempo, cal a posta en común de certas actividades propostas.

ACTIVIDADE 1

Levantamento e comentario do léxico dun texto literario insistindo na identificación entre palabras lexicais e palabras gramaticais. Formas como *coa, dun, neste* etc. serán identificados como compostos gramaticais, do mesmo xeito que elementos como *branquiazul, grandilocuente, rañaceos, tirarrollas* etc. corresponden a compostos lexicais.

ACTIVIDADE 2

Levantamento e comentario do léxico de autores con singulares vontades de estilo, cuxos textos serán escollidos pola persoa encargada da docencia. Propóñense escritores e escritoras como Eduardo Pondal, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Manuel Rivas, Suso de Toro, Xosé Carlos Caneiro, Manuel María, María Reimóndez, Teresa Moure ou Xurxo Souto. A actividade consistirá no seguinte:

- (a) Procura do significado do léxico que máis chamar a atención e comprobación de se figura nos dicionarios de referencia.
- (b) Tipo de rexistro en que se emprega ese léxico
- (c) Características da esfera semántica de cada unidade vocabular (grande ou pequena).

ACTIVIDADE 3

Procura dun mínimo de 15 palabras e as súas correspondentes atestacións en diferentes dicionarios. Estes deberán ser polo menos, dos seguintes tipos: da lingua (mínimo 2), de sinónimos e plurilingües. Con eses materiais, os alumnos e as alumnas farán unha posta en común en que se dará conta:

- (a) De acepcións non totalmente coincidentes entre os dous dicionarios da lingua.

(b) Das diferentes finalidades perseguidas por cada un dos dicionarios manexados.

(c) Da distinta maneira de presentar a información lexicográfica (con exemplos, sen eles, con variantes lingüísticas etc.).

ACTIVIDADE 4

Substitución do uso de *dar*, *dicir* e *facer* por outros verbos de esfera semántica máis restrita mantendo, sempre que for posíbel, o mesmo modelo de verbo + CD (*dar argumentos* → *aducir argumentos*; *dicir un poema* → *recitar un poema*; etc.). Sinálanse a seguir varios exemplos acompañados dunha alternativa que obviamente non ten por que ser a escollida.

dar opinións críticas	verter opinións críticas
dar mágoa	inspirar mágoa, producir mágoa
dar medo	infundir medo
dar luz	deitar luz
dar apoio	dispensar apoio
dar un título	outorgar un título
dar valor	infundir valor
dar información	subministrar información
dar medidas	artellar medidas, argüír medidas
dar esperanzas	alimentar esperanzas, xerar esperanzas

dicir un poema	recitar un poema
dicir unha cantidade	fixar unha cantidade, marcar unha cantidade
dicir unhas palabras	proferir unhas palabras
dicir unhas frases	pronunciar unhas frases
dicir a verdade	manifestar a verdade
dicir no xuízo	declarar no xuízo
dicir os pormenores	sinalar os pormenores
dicir ideas	expor ideas
dicir algo	expresar algo, exprimir algo, manifestar algo
dicir os nomes	citar os nomes

haber unha civilización	florecer unha civilización
haber xente nun partido	militar xente nun partido
haber xente nunha listaxe	figurar xente nunha listaxe
haber rumores	circular rumores
haber unha festa	celebrar unha festa
haber neve	rexistrar neve
haber moitas críticas	chover críticas
haber sospeitas	levantar sospeitas
haber dúbidas	existir dúbidas
haber circunstancias	concorrer circunstancias

ACTIVIDADE 5

Compilación de exemplos de utilizacións do verbo *aquelar* ou de verbos morfolóxica e semanticamente afíns (*aqueliñar*, *aqueloutrar*) e indicar os seus significados. Tamén se deberán sinalar alternativas de emprego doutros verbos.

ACTIVIDADE 6

Compilación xeral de palabras. O alumno ou a alumna pode facer un modelo de ficha como os que se propoñen máis abaixo e comezar a compilación estruturando as unidades por campos lexicais ou por campos asociativos, do modo que se sinala para o dos labores do campo ou para o do aseo persoal, até cubrir un número representativo de entradas. Os datos conseguidos organizaranse, como mínimo, en oito tipos de información³⁰:

1. *Campo lexical* ou *asociativo*, en que se sinalará a que esfera lexical se adscribe a unidade vocabular compilada.
2. *Palabra*, en que se recollerá a unidade vocabular.

³⁰ Outros datos que tamén poden terse en conta son a profesión da persoa que axe como informante, o seu nivel de estudos, as relacións desa persoa con outras (constantes, esporádicas) etc.

3. *Clase de palabra*, onde se sinalará se se trata dun nome substantivo, nome adxectivo, verbo, adverbio etc.

4. *Localización*, en que se indicará, por esta orde, o lugar (aldea, freguesía, barrio), o concello a que pertence e a comarca (ou a provincia) en que se acha ese concello.

5. *Sexo da persoa informante*.

6. *Idade*, onde se exporán os anos da persoa que axiu como informante.

7. *Significado*, en que se recollerá o contido significativo da unidade vocabular no contexto en que foi documentada

8. *Exemplo de uso*, que servirá para clarificar o significado e o emprego que a tal palabra ten. Non é necesario que sexa literal a respecto da documentación que se escoitou ou que se recolleu.

Eis dúas mostras ao respecto:

1. Labores agrícolas

Campo	Palabra	Clase	Localización	Sexo	Idade	Significado	Exemplo de uso
Labores agrícolas	<i>soutar</i>	verbo	Pradias, Ibias, Eo-Navia, Oviedo	muller	40	'recoller castañas no souto'	<i>Andaron a soutar todo o día e agora están cansos</i>

2. Aseo persoal

Campo	Palabra	Clase	Localización	Sexo	Idade	Significado	Exemplo de uso
Aseo persoal	<i>esculifrar</i>	verbo	Pousada, Sobrado dos Monxes, A Coruña	muller	79	'arranxar, asear'	<i>Onde vas tan ben esculifrada ?</i>

Como se trata de palabras que en moitos casos non figuran nos dicionarios, é probable que, habendo máis informantes, poidan aparecer con diferentes formas, sobre todo no referente ás vogais átonas (cfr. *esculifrar, escolifrar, escalifrar* etc.). Nese caso, a opción máis sinxela semella ser incluílas todas no mesmo cadro e consideralas como simples variantes.

Con este modelo de actividades e cos datos que se piden de modo obrigatorio, o profesor ou a profesora, previo consenso co alumnado, decidirá aqueles campos máis atractivos para seren explorados. Trátase, en definitiva, de que o alumnado se sinta protagonista da compilación e de que se sinta tamén “investigador” lingüístico. A modo de exemplo, para alén de continuar cos sinalados máis arriba, pode traballarse con algúns dos seguintes campos lexicais:

1. Relacións afectivas e amicais (*colega, chavea, ligue* etc.).
2. Vías de comunicación convencionais (*camiño, paso, pasadoiro* etc.).
3. Correntes de auga (*seimeira, regueiro* etc.).
4. Nomenclatura das flores e árbores da zona (*castiro, torgueira* etc.).
5. Animais selvaxes da zona (*andarica, liñaceiro* etc.).
6. Utensilios de labranza (*brosa, fouza* etc.).
7. Móbeis da casa (*espiteira, meso, tallo* etc.).
8. Xogos tradicionais (*billarda, estornela* etc.).
9. Informática (*clicar, computador, rato* etc.).
10. Tipos de choiva (*barruzar, bretemar, orballar* etc.).
11. Nomes das froitas (*ameixa, fatón, péxego* etc.).

ACTIVIDADE 7

Recolla de significados diferentes. Dunha forma parecida aos casos anteriores, debe cubrirse un mínimo de datos no cadro. Os exemplos que se sinalan dentro dos esquemas propostos son o de *gardar*, que en certas zonas de Bergantiños parece ter adquirido novos valores similares a *conservar*, e *acontecer*,

documentado cunha significación próxima de *sorprender* en certos puntos de Ourense:

1. Labores agrícolas

Campo	Palabra	Clase	Localización	Sexo	Idade	Significado	Exemplo de uso
Labores agrícolas	<i>gardar</i>	verbo	Cereo, Coristanco, Bergantiños, A Coruña	muller	40	'conservar'	<i>As patacas non gardan: xa temos varios quilos apodrecidos</i>

2. Estado de ánimo

Campo	Palabra	Clase	Localización	Sexo	Idade	Significado	Exemplo de uso
Estado de ánimo	<i>acontecer</i>	verbo	Güín, Bande, A Limia, Ourense	home	55	'sorprender'	<i>Ficou acontecido ao saber aquela noticia</i>

ACTIVIDADE 8

Posta en común das palabras e das acepcións compiladas en (6) e en (7). Os alumnos e as alumnas darán a coñecer os resultados das súas propias pesquisas e comprobarán se houbo unidades lexicais ou acepcións diferentes recollidas en varios traballos ou se, polo contrario, só foron detectadas nunha ocasión.

ACTIVIDADE 9

As anteriores propostas de prácticas (6, 7 e 8) asentaban na recollida de unidades lexicais organizadas por campos lexicais ou asociativos. Proponse agora a compilación de léxico e de expresións que se centre principalmente

(i) no eixo da idade e (ii) no do xénero, aínda que continúe a ser necesaria a estruturación en campos. Unha posíbel organización sería como segue:

1. Roupa

Campo	Palabra ou expresión	Idade	Sexo	Significado	Exemplo de uso
Prendas de roupa	<i>chupa</i>	20	home	'chaqueta, casaca, abrigo'	<i>Deixou a chupa na casa</i>
Prendas de roupa	<i>gallumbo</i>	20	home	'calzón'	<i>Onte merquei uns gallumbos</i>

2. Aspecto físico

Campo	Palabra ou expresión	Idade	Sexo	Significado	Exemplo de uso
Aspecto físico	<i>ir maqueado/a</i>	17	home	'ir elegante'	<i>Sempre vai todo maqueado</i>
Aspecto físico	<i>ir moi mono/a</i>	19	muller	'ir elegante'	<i>Ía moi mona á festa do bairro</i>
Aspecto físico	<i>ser riquiño/a</i>	18	muller	'ser agradábel'	<i>O novo compañeiro parece moi riquiño</i>

ACTIVIDADE 10

Posta en común das palabras recollidas en (9). Dunha maneira parecida ao feito en (8), os alumnos e as alumnas darán a coñecer os resultados das súas pesquisas e comprobarán se houbo unidades lexicais ou acepcións comúns ou se, polo contrario, só foron detectadas minoritariamente.

ACTIVIDADE 11

Posta en común de todo o léxico compilado, para o cal deberá ser organizado en relacións semánticas de sinonimia e de hiperonimia-hiponimia, de ser o caso. Cos sinónimos, verificarase se son parciais ou totais.